

INFORME DE SEGUIMENTO DAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO ANO 2020



Sánchez-Albornoz, consultoría
Tfno: 609743590
www.sanchezalbornoz.com

The logo for Sánchez-Albornoz CONSULTORÍA features a blue speech bubble icon on the left. To its right, the text 'Sánchez-Albornoz' is written in a bold, blue, sans-serif font, with 'CONSULTORÍA' in a smaller, blue, sans-serif font directly below it.

INDICE

1. AS CIRCUNSTANCIAS DO SEGUIMENTO NESTE ANO ESPECIAL
2. ÁREAS E MEDIDAS QUE CONFORMABAN O III PLAN. SEGUIMENTO POR ÁREAS

ÁREA 1.	CORRESPONSABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN NA PROMOCIÓN DA IGUALDADE
ÁREA 2.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ASOCIACIONISMO E NA PARTICIPACIÓN CIDADÁ
ÁREA 3.	PROMOCIÓN DAS DIVERSIDADES DE XÉNERO
ÁREA 4.	PROMOCIÓN DO BENESTAR SOCIAL EN IGUALDADE
ÁREA 5.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE A CULTURA, AS ARTES E AS BIBLIOTECAS
ÁREA 6.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE O TURISMO
ÁREA 7.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO DEPORTE.....
ÁREA 8.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE A EDUCACIÓN
ÁREA 9.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO EMPREGO
ÁREA 10.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO USO DO ESPAZO PÚBLICO, NO PLANEAMENTO URBANÍSTICO, NA MOBILIDADE E NO MEDIOAMBIENTE
ÁREA 11.	PROMOCIÓN DUNHA LINGUAXE E IMAXES NON SEXISTAS
ÁREA 12.	PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS DE XÉNERO
ÁREA 13.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE NA SAÚDE.....

3. REFLEXIÓNS FINAIS

1. AS CIRCUNSTANCIAS DO SEGUIMENTO NESTE ANO ESPECIAL

Como era de agardar, debido ás especiais circunstancias sanitarias derivadas da pandemia da COVID-19 no ano 2020, a meirande partes das actividades xa programadas (ou mesmo aquelas aínda pendentes de se programar) desde as diversas áreas do Concello e relacionadas coa promoción da equidade de xénero foron suspendidas ou adiadas.

Nesta liña, por exemplo, a planificación do propio seguimento do III Plan veuse afectada e adiada. Agardouse até o final do ano para facer o seguimento, coa esperanza de atopar máis actividades que puidesen ser re-diseñadas nun formato compatible coas medidas sanitarias.

Á súa vez, o propio seguimento e avaliación do III Plan só puido facerse telematicamente.

O seguimento organizouse do seguinte xeito:

- 1) Coordinación telemática coa Directora do CIMM.
- 2) Procura e análise preliminar de información e novas sobre programas, actividades, subvencións, informes, etc. na propia páxina web do Concello e en cada concellería en concreto.
- 3) Procura de novas na prensa local, sobre todo en torno a datas sinaladas na axenda feminista (8 de marzo, 25 de novembro, etc.).
- 4) Remisión dun e-mail informativo sobre o seguimento que se ía facer que incluía unhas breves indicacións e adxuntaba un exemplar do III Plan de Equidade.
- 5) Contacto telefónico con cada concellería/servizo/área unha vez feitas as anteriores indagacións e envíos.
- 6) Contacto telefónico cunha triple finalidade:
 - Por unha banda, procurar información sobre a realización das medidas comprometidas.
 - Por outra, demandar o envío de datos, información, informes, etc. concretos.
 - Asemade, facilitar asesoramento técnico e propostas de mellora para o futuro en materia de igualdade, en función das competencias da área.Deste xeito, nos contactos realizados informouse do plan e do seu seguimento, e plantexáronse preguntas concretas (realización, participación desagregada, valoración...) en función das informacións previas atopadas na rede ou de programas permanentes doutros anos. Paralelamente, aportáronse suxestións de mellora (inclusión de obxectivos de igualdade de xeito transversal, recollida de datos desagregados por sexo, emprego dunha linguaxe non sexista, etc.)
- 7) Recíbese información específica das concellerías/servizos.
- 8) Análise conxunta da información obtida (tanto a atopada coma a recibida por vía telefónica ou e-mail).
- 9) Identificación das medidas realizadas segundo as comprometidas.
- 10) Redacción do informe de seguimento.
- 11) Envío para a súa supervisión por parte do CIMM.

Así, foron enviados un total de 37 mails a finais de novembro e principios de decembro, dirixidos a todas as concellerías e aos contactos previos das actividades de seguimento doutros anos. Despois contactouse telefónicamente con todas as áreas, e realizáronse 96 chamadas relacionadas co seguimento do III Plan.

O que nos atopamos foi que moitas áreas adicaron os seus esforzos a tentar manter as súas programacións e, ao mesmo tempo, tiveron que ir cancelándoas debido ás incertezas.

Coa información remitida mediante correo electrónico e telefonicamente, asemade a recompilada a través da páxina web do Concello e dos medios de comunicación, elaborouse finalmente esta memoria de seguimento onde damos conta das poucas actividades realizadas este ano debido ás especiais circunstancias.

1. SEGUIMIENTO POR ÁREAS
QUE CONFORMAN O
III PLAN PARA A PROMOCIÓN
DA EQUIDADE DE XÉNERO
2017-2020
(ano 2020)

ÁREA 1. CORRESPONSABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN NA PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Total de medidas comprometidas: **12**

OBXECTIVO 1

Fornecer e seguir promovendo a inclusión da transversalización da perspectiva de xénero nos criterios e actuacións internos e externos do Concello.

Medida 1. Levar a cabo, desde a Alcaldía e con todas as áreas municipais, sesións de traballo de concienciación arredor da súa corresponsabilidade na consecución de avances cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria entre mulleres e homes.

-No que concerne á sensibilización conxunta, esta faise anualmente no marco da presentación pública de actos conmemorativos do 8 de marzo e do 25 de novembro. Porén, a crise sanitaria maila deste ano afectou os programas de actividades, que incluso se viron suspendidos.

-Desde a Concellería de Igualdade-CIMM e Alcaldía, levouse a cabo a Lectura do Manifesto do Acto Institucional con motivo do Día Internacional das Mulleres **8 de marzo**, no que participaron representantes do Consello Municipal da Igualdade e da Comisión de Investigación e Seguimento da Violencia de Xénero, asemade membros da corporación municipal. Esta tivo lugar no Salón de Plenos do Excmo. Concello de Ourense.

-De igual xeito, pero tendo en conta as medidas xa máis restrictivas impostas polo avance da pandemia, celebrouse o acto institucional polo **25 de novembro**. O Concello sumouse así á conmemoración co habitual minuto de silencio polas vítimas da violencia machista, polas asasinadas e polas supervivintes. O concelleiro de Igualdade foi o encargado de ler a declaración institucional consensuada pola FEMP para a ocasión.

-Por outra banda, nas sesións de seguimento e avaliación do propio plan incídese nos compromisos de cada área e a pertinencia de xénero nas súas competencias, se ben ditas actuacións non son, *stricto sensu*, sesións de concienciación, aínda que si fan contribucións nese sentido.

Medida 2. Divulgar a *Ordenanza Municipal de Promoción da Equidade de Xénero* (BOP núm. 46, do 25 de febreiro de 2013) organizando medidas específicas neste sentido desde Alcaldía e desde cada concellaría.

-A súa divulgación xa se levara a cabo en anos anteriores, pero cómpre destacar que gran parte do persoal das concellerías a descoñece, segundo puidemos observar durante o seguimento do plan. Con todo, a mencionada Ordenanza está colgada na web municipal.

Medida 3. Implicar a todas as concellerías na promoción da igualdade de xénero para que leven a cabo as medidas comprometidas, favorecendo un liderado partillado a favor da igualdade a nivel municipal e realizando sesións de asesoramento, seguimento e impulso da identificación da pertinencia de xénero e a súa inclusión práctica en cada concellaría (revisión de plans, programas, proxectos, estudos, ou informes, etc.) en función dos compromisos adquiridos neste III Plan.

-Observamos que, a excepción da Concellaría de Igualdade, os **Plans estratéxicos de subvencións** (de acceso público na páxina municipal), concebidos como un exercicio que permita realizar unha auténtica planificación estratéxica das políticas de contido

subvencional e simplificar así as actuacións subvencionables a desenvolver, **non conteñen nin transversal nin especificamente elementos de igualdade, nin nos obxectivos nin nos indicadores.** E como podemos comprobar á hora de elaborar este informe, esta ausencia reflectirase á súa vez nos propios plans de subvencións de cada concellería, como, por exemplo, no de **Participación Cidadá ou Xuventude.** Con todo, como comentaremos máis adiante, algunha concellería no seu propio Plan estratéxico de subvencións (como é o caso de Servizos Sociais) si recolle especificamente a igualdade de oportunidades nos seus obxectivos.

-Pola contra, observamos que nos actos institucionais do 8 de marzo e do 25 de novembro participan, agora si, varias concellarías que se suman (física e/ou institucionalmente) aos actos, convocatorias, concentracións de repulsa, etc. cando acontece unha nova morte por violencia de xénero. Podemos concluir que o apoio público (tanto á igualdade en xeral como ao rexeitamento da violencia de xénero en particular) foi asumido por case todas as concellarías, pasando de ser visto coma un problema da área de Igualdade ou de Benestar Social a percibirse como un problema xeral que require a implicación de toda a sociedade. Agora ben, é obvio que **só co apoio institucional non chega,** e o apoio de facto debe ir máis aló.

-Desde o **gabinete de Prensa** informan de que *“Sempre que realizamos unha campaña marcamos como un dos obxectivos que estas sirvan de axuda ao desenvolvemento da filosofía do plan”,* empregando para iso unha linguaxe inclusiva, tanto escrita como visual, e **non reproducindo estereotipos** de xénero. Fomentar *“unha imaxe non sexista da sociedade, contribuíndo a normalizar a figura da muller como referente en sectores nos que a visibilización da muller non adoita ser protagonista, como o comercio, o empresariado ou as profesións liberais, por citar uns exemplos”.*

Medida 4. Reforzar e consolidar as estruturas municipais e os servizos de fomento da igualdade e da conciliación, sinaladamente o Centro de Información Municipal ás Mulleres (CIMM).

-Segue sen ampliarse a dotación de persoal. En concreto, bótase en falta a cobertura do posto vacante da educadora social desde a xubilación da profesional que o ocupaba con anterioridade. Por outra banda, urxe a contratación dunha psicóloga, xa que a existente compaxina este labor coa dirección do CIMM, e a elevada demanda de atención psicolóxica tradúcese en lista de agarda, o que resulta comprensible se se atende ao volume de poboación da que é a terceira cidade galega en número de habitantes. Tamén se precisa unha traballadora social, pois esta parte da intervención integral coas mulleres vulnerables, sobre todo as que atravesan situacións de violencias de xénero. Este posto está sen cubrir e ten que ser asumido pola psicóloga e pola asesora xurídica, restándolle así tempo ás súas respectivas intervencións especializadas. É de agardar que o **proceso de selección de traballadoras/es sociais interinas/os** que se iniciou a finais de ano, e ao que se presentaron 165 persoas, teña algún impacto no CIMM.

-No referente aos servizos de conciliación, no CIMM seguiron a facerse actividades de apoio á conciliación (externalizadas), organizando así un servizo de **Emocioteca: Libres e Iguais** para a Semana Santa (que tivo que suspenderse por mor da pandemia) e para o verán, que si se puido realizar desde xullo até o 10 de setembro, en horario de mañá. Tamén se ofertou o servizo **Madrugá** e o de **Apoio Educativo,** nos mesmos períodos, nun horario máis amplo,

para adaptarse ás necesidades das familias e reforzar o traballo escolar que se puidese ver afectado no período de confinamento. O programa tivo continuación no Coeduca Nadal e rematará na semana Santa Coeduca, xa que o Programa Coeduca ten unha duración anual e comeza no periodo estival.

Participaron un total de 16 crianzas: 9 nenas e 7 nenos.

O proxecto deseñouse en función das medidas de aforo oficiais de cada momento, traballando en dous grupos de 7 e 6 participantes respectivamente, ao cargo dunha monitora cada un, durante os meses de xullo e agosto. En setembro, debido á evolución do repunte de casos positivos de COVID-19 na cidade ao longo do mes de agosto, déronse de baixa 5 participantes nos servizos de Emocioteca e Reforzo Educativo, polo que se conformou un único grupo de 8 participantes e máis a persoa encargada no servizo de Emocioteca nas dúas últimas semanas.

No servizo Madruga conformouse un único grupo composto por 3 participantes durante todo o período vacacional.

En canto ao servizo de Emocioteca, tanto en xullo como en agosto houbo 2 grupos, de 7 e 6 participantes e máis a monitora a cargo de cada un. En setembro, ante as baixas no servizo por parte de 5 crianzas, conformouse un só grupo de 8 participantes e máis a monitora a cargo.

Por último, no servizo de **Reforzo Educativo**, no mes de xullo conformouse un só grupo de 7 participantes (máis a persoa encargada). En agosto, ante a chegada de 3 participantes máis, conformáronse 2 grupos de 5 nenas/os cunha persoa encargada de cada un. En setembro, aínda que o total de participantes no Reforzo Educativo diminuíu a 7 persoas, considerouse apropiado manter dous grupos cunha persoa a cargo de cada un, a fin de facer un repaso o máis individualizado posible de cara á volta á escola. Houbo 4 persoas no servizo de Emocioteca, 2 que asistiron unicamente ao servizo de Reforzo Educativo, 3 participantes en todos os servizos (Madruga, Emocioteca e Reforzo) e 7 persoas que asistiron tanto ao servizo de Emocioteca como ao Reforzo Educativo.

-Tamén desde **Educación** consolídase a oferta de actividades de dinamización educativa nos CEIP (8 centros), nos Museo Municipal, a Aula da Natureza e bibliotecas públicas en verán, Semana Santa e Nadal. Participaron un total de **883 menores** (os datos non están desagregados por sexo/xénero).

-En **Xuventude**, a través do convenio que teñen asinado con Amencer, ofertaron campamentos urbanos, participando **250 nenos e nenas** (datos sen desagregar).

-En Benestar Social tamén se ofertaron actividades de conciliación nos centros cívicos, tanto anuais (de luns a venres de 17.30 a 20.00 h. e sábados de 10.30 a 13.00 h.) como no verán (luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h). O número de inscricións no curso académico 2019-20 foi de 389 (**205 nenos, 184 nenas**) e no verán de 2020: 338 (**185 nenos e 153 nenas**).

Medida 5. Divulgar externa e internamente o Centro de Información Municipal ás Mulleres (CIMM) como referente municipal en materia de igualdade e violencias de xénero.

-No mes de febreiro a Concellería de Igualdade presentou a campaña ***En Ourense sementamos igualdade***, unha acción de concienciación cidadá sobre a igualdade e contra a violencia de xénero. A iniciativa tivo como obxectivo achegarlle á cidadanía, e en especial ás familias, información e ferramentas necesarias para facer fronte a situacións de desigualdade e violencia de xénero, cunha pequena guía de recursos e servizos. Distribuíronse **5.000 exemplares** do manual *En Ourense sementamos igualdade*, da autora Llerena Perozo, a través do comercio local, farmacias, asociacións veciñais, ANPAs e centros educativos, dependencias municipais, centros cívicos, representantes do Consello Municipal da Igualdade e da Comisión de investigación e seguemento da violencia de xénero, centros xuvenís e culturais, centros de saúde, dependencias municipais ... entre outras entidades.

-Durante os mencionados **actos institucionais** en torno ao 25 de Novembro e ao 8 de marzo visibilízase o traballo a prol da igualdade do Concello e sinaladamente da Concellaría de Igualdade-CIMM, como tamén acontece nesta última concellaría co Día do Orgullo (28 de xuño) e o Día contra a explotación sexual e a trata de persoas (23 de setembro), se ben por mor da COVID-19 as actividades suspendéronse con carácter preventivo.

Medida 6. Seguir a promover a cooperación do Centro de Información Municipal ás Mulleres (CIMM) con todas as concellerías na identificación da pertinencia de xénero e na súa inclusión práctica en cada concellaría. Asesorar desde a Concellería de Igualdade-CIMM na posta en práctica destas medidas internas.

-No que ten a ver co **seguimento anual do Plan**, sinalar que se fai asesoramento ao persoal técnico que participa en ditas sesións (este ano de xeito telefónico) sobre accións que poderían levar a cabo dentro das competencias da súa área (contemplar datos desagregados por sexo, esixir ditos datos ás empresas coas que se colabora ou contratan, linguaxe non sexista e inclusiva, ou sinaladamente exemplos de inclusión de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes na súa área, etc.).

-Tamén o propio CIMM colabora no asesoramento a outras concellarías cando así é requirido.

Medida 7. Ofertar e acoller prácticas académicas e laborais no ámbito da igualdade e da conciliación.

-Dadas as especiais circunstancias deste ano, non foi posible a acollida de prácticas.

Medida 8. Levar a cabo formacións específicas para a capacitación e formación do persoal municipal-e das principais empresas ou entidades colaboradoras co Concello- en temas de xénero, igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e conciliación (linguaxe e publicidade non sexistas e inclusivas, deseño de indicadores de xénero, orzamentos sensibles ao xénero, inclusión de medidas e obxectivos de igualdade en proxectos, medida de impactos de xénero, etc.).

-Dadas as especiais circunstancias deste ano, non foi posible a súa realización. Con todo, nos anos anteriores tampouco se realizaron formacións específicas para o persoal municipal, se ben si para determinados colectivos. En todo caso, o persoal municipal,

nomeadamente o do propio CIMM, ten acceso a e realizou cursos online nestas materias organizados por distintas entidades (INAP, EGAP, distintas concellarías da Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Universidade...).

Medida 9. Fornecer a importancia de seguir incluíndo criterios de calidade en clave de igualdade entre mulleres e homes nas relacións administrativas, contractuais, institucionais ou convenios do Concello con outras entidades públicas ou privadas. Propoñer a inclusión desde a Alcaldía dunha cláusula administrativa de aplicación xeral para todos os novos contratos, convenios, convocatorias de subvencións con empresas, entidades, organismos, asociacións ou institucións, que inclúa nos criterios de baremación a igualdade e/ou conciliación como un elemento de calidade, tanto para os pregos técnicos coma nas cláusulas administrativas, que vaian desde: a esixencia e/ou valoración do emprego dunha linguaxe e de imaxes non sexistas; a identificación de obxectivos e medidas de igualdade; a formación en xénero do persoal; a composición da cadro de persoal por sexo, do consello de dirección, ou dirección do proxecto, etc.

-Mais aló da Concellaría de Igualdade, que ven aplicando estes criterios desde hai anos, comprobamos como acertadamente desde outras concellarías xa está institucionalizado e interiorizado no seu labor administrativo a inclusión de criterios de igualdade nas convocatorias. Nesta, un ano máis, desde **Educación**, nas Bases da Convocatoria do Programa de actividades **Concilia Verán** inclúese dun xeito específico a **igualdade nunha das cláusulas**:

“Todas as actividades que se desenvolvan estarán orientadas cara a consecución por parte das e dos menores participantes a promover a igualdade de xénero”.

Este programa desenvolveuse durante os meses de xullo e de agosto para crianzas nadas desde 2008 até 2014-de 6º de Educación Infantil até 6º de Primaria. As actividades do programa estiveron orientadas á consecución de hábitos de vida saudables, actitudes solidarias e de convivencia e a promover a igualdade de xénero e o respecto ao medio ambiente. Ademais, incluían actividades lúdicas, de reforzo educativo de matemáticas, lingua e idiomas, garantindo que persoas con necesidades educativas especiais (NEE) reciban atención personalizada. Participaron, como se sinalou anteriormente, **883 crianzas**.

-Asemade, desde desde **Servizos Sociais** tamén está xa institucionalizada e asumida a inclusión de criterios de igualdade nas convocatorias referidas ás actividades que se levan a cabo nos centros cívicos. Así, por exemplo, nas *“Bases que rigen la convocatoria pública de selección de proyectos para la realización del programa de actividades de los centros cívicos para niños y niñas”* observamos en primeiro termo o uso dunha linguaxe non sexista e inclusiva, ou tamén cando sinala entre os seus obxectivos *“elaborar programas de carácter cultural e social que teña como obxecto o desenvolvemento integral dos veciños e veciñas”*

-No **Plan estratéxico de subvencións** da Concellaría de **Servizos Sociais** para o período 2020-2022, recóllese nos seus obxectivos que *“A razón de ser do conxunto da actividade subvencional da Concellaría de Asuntos Sociais é impulsar, promover e potenciar a participación da poboación municipal, así como promocionar a inclusión social dos individuos mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopan en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades”*, e que as actividades deberán ir dirixidas de forma prioritaria a persoas e colectivos en situación de exclusión social. Gustaríanos lembrar que se encontran moitas

mulleres entre os colectivos en situación de exclusión social, polo que ditas subvencións terán un impacto directo nelas.

-Por exemplo, no referido ás axudas de **material escolar** sinalase que “buscan apoiar ás unidades de convivencia en desvantaxe social e con menos poder adquisitivo de Ourense que teñan nenos e nenas ao seu cargo escolarizados en centros públicos ou concertados de Ourense nos que **non segreguen aos alumnos/as por sexo** mediante a adquisición de libros de texto e material escolar, asemade o abono de comedores escolares”. Con todo, bótase a faltar unha mención da situación especial das mulleres, que son as máis vulnerables, entre a grande diversidade das mulleres en risco de exclusión.

-Pola contra, na área de **Recursos Humanos** do Concello, no que concerne á convocatoria pública de **novos postos de traballo**, bótase en falta o compromiso pola igualdade de dous xeitos: tanto na valoración de méritos coma no uso da linguaxe empregada. Foi unha ocasión perdida para poder incluír criterios de igualdade na valoración de méritos nos criterios de selección, por exemplo na *“Convocatoria e bases específicas reguladoras para creación de listado de médicos-psiquiatras funcionario interino para a Unidad asistencial de drogodependencias do Concello de Ourense”*. Na valoración da realización de cursos de especialización en medicina relacionados con drogodependencias impartidos por institucións ou empresas privadas sería moi pertinente valorar cursos de xénero no ámbito da saúde. Con todo, nesta convocatoria observamos positivamente un pequeno (mais incompleto) esforzo no emprego dunha linguaxe non sexista.

Medida 10. Esixir desde todas as concellerías como principio democrático e de calidade a presenza da perspectiva de xénero en todo os programas ou proxectos que se financien ou nos que colabore directamente o Concello, sinaladamente nos dirixidos directamente á cidadanía, incluíndo desde cada concellería nos requirimentos básicos para a participación nas convocatorias públicas de subvencións do Concello a inclusión da igualdade entre mulleres e homes como un principio transversal ou mediante actuacións puntuais.

-Salvo no caso da Concellaría de Igualdade, non se da tal esixencia en xeral e a súa inclusión e é moi irregular.

Medida 11. Facer un recoñecemento público, con carácter anual, da área ou departamento municipal que teña feito o avance máis salientable na aplicación de medidas de igualdade.

-Non se realizou, pero as áreas candidatas serían (trascendendo, loxicamente, a Concellaría de igualdade), por orde alfabética: Benestar Social, Cultura, Educación, Gabinete de Prensa e Medio Ambiente.

Medida 12. Crear un novo indicador, para todo o Concello, que dea conta e especifique nas memorias trimestrais ou anuais de cada departamento aquelas actividades que reflectan os compromisos establecidos nesta Área do III Plan. Isto conseguiríase mediante o establecemento dun apartado concreto que lle dea visibilidade a “actividades específicas onde se fomentou a igualdade”.

-Non se realizou, e mesmo algo tan simple e dunha grande transcendencia como é a inclusión da variable sexo/xénero nos rexistros/formularios de participación/inscrición segue sen ser unha práctica introducida en todo o Concello. Tampouco o emprego da linguaxe inclusiva é a norma, senón máis ben a excepción, tanto no que se refire á web municipal como á linguaxe oral e escrita utilizada polo persoal político e técnico da meirande parte das dependencias municipais.

-Así, podemos tomar como exemplo o **Plan estratéxico de subvencións da Concellería de xuventude para o período 2021-2023**. Este está dirixido tanto á mocidade como a entidades sen ánimo de lucro, e o seu obxectivo é o fomento de actividades e proxectos xuvenís. Ademais, ofece apoio á realización de programas, proxectos ou actividades no ámbito da mocidade dirixidos de xeito prioritario á xuventude de 15 a 35 anos. Nel observamos que non se inclúe entre os obxectivos, actividades e indicadores ningún aspecto (nin específico nin transversal) relacionado coa promoción da igualdade, e mesmo non existe un manexo dos datos desagregados en función do sexo.

ÁREA 2. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO ASOCIACIONISMO E NA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Total medidas comprometidas: 6

OBXECTIVO 2

Fornecer a participación social das mulleres no tecido asociativo de Ourense en xeral e promover a inclusión da igualdade de xénero na dinámica e nas actividades das asociacións.

Medida 1. Fornecer o movemento feminista e o asociacionismo de mulleres rurais e urbanas de Ourense, reforzando as axudas económicas que garantan a súa supervivencia e colaborando na difusión das actividades que se impulsan desde estas asociacións.

-Un importante proxecto participativo está a ser o plan “**+RURAL**”, para o perímetro rural de Ourense, que está a contar cunha grande participación da veciñanza (federacións, agrupacións, colectivos ou veciñas/os a título individual). Malia non ser un proxecto específico de participación de mulleres, conta cunha importante participación destas, dado a feminización das áreas rurais do Concello. Nas sesións de traballo, a veciñanza puido presentar as súas demandas ou necesidades en orde prioritaria. Este plan incorpora: actuacións de conservación ou mellora de vías, da accesibilidade, dos camiños peonís e dos parques ou espazos de lecer; rehabilitación de espazos tradicionalmente femininos como os lavadoiros; e proxectos significativos como a humanización de diferentes núcleos rurais. En xeral, todos estes espazos son máis usados polas mulleres debido aos contidos tradicionais do rol de xénero, co cal calquera actuación de mellora nestes sensoos terán un impacto positivo nas súas vidas.



-Pola súa banda, **Participación Cidadá** informa de que a meirande parte das persoas integrantes e participantes nas asociacións de veciñanza son mulleres. En concreto, en canto á participación nas actividades programadas conxuntamente entre o Concello e as entidades (mediante unhas empresas que son as que realmente levan a cabo as actividades), afirman que a **participación das mulleres ronda o 80%**. No 2020, co inicio da pandemia, todas as actividades foron canceladas porque a meirande parte delas ían

dirixidas a persoas maiores (é dicir, poboación identificada como de risco), e mesmo as propias asociacións/entidades pecharon os seus locais durante todo o ano.

Medida 2. Dinamizar e relanzar o asociacionismo de mulleres e feminista desde o Consello Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes mediante a cesión de espazos de reunión que faciliten o coñecemento mutuo destas entidades, o intercambio de experiencias, o traballo en rede, os debates e a colaboración na difusión das actividades que se impulsan desde cada entidade en materia de igualdade.

-**Participación Cidadá** informa de que a oferta de actividades programadas para o 2020 debeu versee interrompida pola pandemia. No ano precedente, esta fora moi variada, e **participación das mulleres foi alta** nalgunhas delas, como: Zumba, Pilates, loga ou a Ximnasia de mantemento, Relaxación, Risoterapia, Hábitos saudables. ..

Con todo, as **manualidades máis altamente feminizadas** (sinaladamente Encaixe de bolillos e Calceta) son as actividades estrela, pois supoñen tamén un espazo para a socialización identitaria e de encontro das mulleres maiores; seguidas doutras tamén feminizadas como Cociña tradicional ou Tapas, pinchos e canapés.

Onde se observa unha participación máis equilibrada en termos de xénero é nos obradoiros de Memoria xunto co de **Uso dos móbiles e informática**. En Bailes latinos, acontece que son as mulleres as que “arrastran aos seus homes á actividade de baile”.

-Tamén desde esta concellaría realizan unha oferta anual de cesión de locais para asociacións, moitas delas de veciñanza, cunha alta participación de mulleres maiores, mais con pouco ou nulo enfoque de xénero.

Medida 3. Levar a cabo actuacións para fomentar que nos colectivos de persoas migrantes (inmigrantes e emigrantes retornadas) exista unha vogalía de mulleres/igualdade e fomentar, á súa vez, o asociacionismo específico de colectivos de mulleres migrantes que favoreza a súa integración na sociedade de acollida.

-Non se efectuou este ano.

Medida 4. Impulsar o Consello Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes, de cara a reforzar o seu papel como órgano consultivo e propositivo nas políticas de igualdade e na cidade de Ourense en xeral.

-Desde o **CIMM** informan de que tamén dan cumprimento a este obxectivo, pois invitan a participar ás asociacións e entidades feministas e de mulleres a todas as actividades públicas que levan a cabo; asemade mantense a colaboración co Consello Municipal de Igualdade. Debemos salientar, non entanto, que algunhas das propostas realizadas desde o Consello Municipal da Igualdade (unanimemente acordadas) son posteriormente ignoradas no labor diario da propia institución local. Isto aconteceu coas propostas (elevadas e aprobadas no Pleno municipal) de designar cos nomes das mulleres propostas pola cidadanía para designar o rueiro ourensán. Outras propostas posteriores tomáronlle a dianteira, e nin sequera seguiron o procedemento esixido de apertura de expediente de honores.

Medida 5. Incluír nos requirimentos básicos para a participación nas convocatorias públicas de subvencións do Concello de Ourense de cada concellería a inclusión de mulleres nos postos xerárquicos e de toma de decisións: postos directivos, presidencia, xunta ou consello da entidade/asociación (asociacións deportivas, culturais, gastronómicas, de veciñanza, de Entroido, musicais, de nais e pais, persoas con diversidade funcional, de comerciantes, etc.); ou a creación de vogalías da muller ou igualdade nas asociacións de carácter mixto. Incluír igualmente a variable sexo no rexistro de persoas socias e cargos.

-En agosto do 2020 saíu de novo a convocatoria anual de Participación Cidadá das **“Bases Reguladoras de Subvencións a asociación de veciños para o funcionamento e realización de programas ou actividades a favor do asociacionismo veciñal e da participación cidadá”**. Destacamos positivamente que nos criterios de valoración (Base 6. F) estaba incluído un criterio de igualdade: **“Que as actuacións, proxecto, ou actividades fomenten políticas de igualdade”**, valorado ata con 5 puntos. Porén, infórmannos desde esta concellería da necesidade de aclarar este criterio ás entidades, que o interpretan tan só como fomentar a asistencia e participación nas actividades de mulleres e homes. Isto non está mal pero, aínda que pode ser unha parte do seu cometido, non o é todo. Non entanto, custa moito cambiar a mentalidade da xente maior, máxime se non reciben apoio externo para iso.

-En novembro do 2020 aprobouse o **Plan Estratéxico de Subvencións da Concellería de Participación Cidadá**, período 2021-2023. Foi tamén outra ocasión perdida de incorporar criterios de igualdade e o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista; se ben, de novo, debemos remitirnos ao propio plan xeral xa mencionado: o Plan Estratéxico de Subvencións, que non contén ningunha alusión á igualdade, polo que resulta moi plausible que os que se fagan desde cada concellería presenten tamén esta ausencia.

Deste xeito, no Plan Estratéxico de Subvencións da Concellería de Participación Cidadá, período 2021-2023, non se alude á igualdade: nin na misión, nin a visión, nin nos obxectivos; e tampouco nas liñas estratéxicas, as actividades ou os indicadores de seguimento do propio plan. Tomamos como exemplo o apartado dos obxectivos estratéxicos:

“Potenciar o movemento veciñal, a través das súas asociacións veciñais, como instrumento de participación cidadá ante á administración local e como entidades xestoras de actividades de interese social, participativo, deportivo, cultural e/ou medioambiental.”

Vemos, pois, que sería moi pertinente incluír aquí tamén o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. E, no que respecta á linguaxe non sexista e inclusiva, no plan fálase en todo momento dos “beneficiarios, cidadáns, destinatarios, veciños”.

-No que se refire á **“Resolución sobre a concesión de subvencións a asociacións de veciños para o funcionamento e a realización de programas ou actividades a favor do asociacionismo municipal e a participación cidadá”**, observamos que a meirande parte das pequenas cuantías das actividades subvencionadas están relacionadas con festividades de carácter popular e colectivo, coma o Entroido, Samaín, Nadal ou xuntanzas veciñais. Desde Participación Cidadá informan de que non resulta doado cambiar estas dinámicas, pois as persoas socias e participantes nestas asociacións veciñais son maioritariamente xente de

avanzada idade co certa resistencias a mudar os seus costumes e incorporar actividades relacionadas coa igualdade; e tampouco contan nin con ferramentas nin co apoio necesario para poder facelo.

Medida 6. Elaborar, en colaboración co resto de concellerías, unha guía exhaustiva de todos os recursos e servizos comunitarios existentes no Concello de Ourense, estruturada por ámbitos (Igualdade, Saúde, Benestar Social, Educación...) e que se manteña actualizada.

-Non realizada.

ÁREA 3. PROMOCIÓN DAS DIVERSIDADES DE XÉNERO

Total de medidas comprometidas: **11**

OBXECTIVO 3

Contribuír á consolidación dunha sociedade ourensá máis integradora e diversa en canto ás identidades de xénero e loitar contra os estereotipos e prexuízos de xénero, tendo en conta a dobre discriminación das mulleres de determinados grupos minoritarios.

Medida 1. Levar a cabo programas ou actuacións concretas que favorezan a integración en clave de igualdade e respecto intercultural das mulleres migrantes, fomentando o rexeitamento de estereotipos xenófobos e unha posible dobre discriminación.

-Desde a Área de **Benestar Social** séguese a levar a cabo o programa municipal de **“Atención á poboación xitana de Ourense 2018-2020”**. Na actualidade, dentro da comunidade xitana tamén hai poboación migrante que participa neste programa e que se ve beneficiada del, sinaladamente bastantes mulleres.

-Salienta a imaxe empregada este ano pola Concellaría de Igualdade na campaña de conmemoración do 8 de Marzo, onde había unha referencia visual explícita á diversidade étnica.

Medida 2. Realizar cursos e/ou programas de inmersión lingüística para mulleres inmigrantes como mecanismo de integración e de fomento da autonomía.

-Non realizada por mor da pandemia.

Medida 3. Levar a cabo accións específicas entre os colectivos de mulleres inmigrantes de diversas nacionalidades residentes no municipio (China, Marrocos, Nixeria, Romanía e Senegal, sinaladamente) para dar a coñecer os recursos de apoio con que conta o Concello e os seus dereitos específicos, distribuíndo á súa vez pasquíns informativos nas diferentes linguas entre estas comunidades.

-Este ano editouse o mencionado libro *En Ourense sementamos igualdade*. Os folletos informativos en diversas linguas están á disposición das usuarias nas instalacións do CIMM.

Medida 4. Procurar que desde todas as concellerías (en especial desde o “Gabinete de Prensa”) se respecte e visibilice a diversidade das mulleres (étnica, racial, física, de orientación sexual, de identidade de xénero, de idades e capacidades diversas, mulleres non estándares....) en calquera tipo de soporte (papel, dixital, vídeo...) e nos medios nos que publique, colabore ou patrocine o Concello (obras impresas, carteis, folletos divulgativos, páxina web, etc.).

-Comprobamos que desde Benestar Social, Deportes, Educación, Igualdade, Medio Ambiente e Prensa teñen xa interiorizada a equidade de xénero e a diversidade nas imaxes empregadas nas súas campañas publicitarias.

-Destaca o mencionado cartel do 8 de Marzo da Concellaría de Igualdade, que reflicte explicitamente a diversidade étnica e racial das mulleres.



Medida 5. Levar a cabo actividades que fomenten o cuestionamento das identidades binarias e hexemónicas de xénero (masculina e feminina) e das consecuencias negativas das construcións sociais para homes e mulleres, sinaladamente da masculinidade hexemónica e estereotipada como un factor de risco (condución temeraria, riscos laborais e deportivos por non respectar as medidas de protección, resolución violenta de conflitos...).

-A Concellería de **Medio ambiente** presentou unha campaña en decembro de 2020 dirixida ao fomento da reciclaxe, en concreto da **reciclaxe dos aceites** no fogar. Foi presentada na Praza de Abastos e nela **participaron só homes**, por ser o xénero infrarrepresentado no ámbito doméstico. Favoreceuse deste xeito a diversidade dos contidos das identidades de xénero e a ruptura dos roles tradicionais que asocian o ámbito doméstico e a cociña coas mulleres. Repartíronse funís para recoller o aceite e delantais.

Medida 6. Na época de Nadal e Reis lanzar unha campaña de concienciación sobre os valores que transmiten certos xogos e xoguetes na perpetuación (ou non) dos roles de xénero e o papel activo que desempeñan as familias no reforzo ou o cambio dos mesmos.

-Séguese a facerse a campaña, que xa está institucionalizada, e tamén se levou a cabo este 2020.

-Durante o Nadal, no xa habitual **Torneo de Videoxogos (TMV)** que organiza a Concellería de **Xuventude** para público entre 10 e 35 anos, segue a ser maioritaria a participación de mozos. Neste ano 2020 a edición foi en formato dixital, debido a COVID-19. Realizáronse dous torneos fixos no catálogo de todos os xogadores, o torneo de **Fútbol FIFA 21 e o Fortnite**. Non se conta con datos desagregados por sexo da participación final, pero os xogos escollidos son de clarísima preferencia do público masculino, xa que responden aos

contidos tradicionais dos roles de xénero. Por todo isto, deberíanse levar a cabo accións de motivación á participación das mozas e mulleres novas nos torneos de videoxogos, pois a **fenda dixital de xénero** segue a ser unha realidade que non só afecta a mulleres dunha certa idade, como se pensaba fai uns anos. Malia a extensión da dixitalización en todos os ámbitos e sectores, compróbase que incluso nas xeneracións de “nativos dixitais” as nenas, mozas e mulleres novas seguen estando atrás deles.



Medida 7. Nas campañas de Nadal de recollida e posterior reparto de xoguetes promovidas polo Concello -ou por entidades sociais coas que colabore habitualmente-, débese facer especial fincapé na compra de xogos e xoguetes que non fomenten o seu uso sexista ou bélico, tendo en conta como criterio no seu reparto posterior a idade e non o sexo.

-Fíxose de novo este ano, pois xa se pode considerar unha medida institucionalizada no reparto de xoguetes entre as familias con menos recursos.

Medida 8. Continuar programando actos informativos, de concienciación, xornadas, obradoiros, ciclos de cinema, etc. sobre a desestigmatización e visibilización da realidade e diversidade LGTBI (lesbianas, gais, transexuais e transxénero, bisexuais e intersexuais, interxénero...) que fomenten o respecto á diversidade dos corpos e das identidades de xénero, sinaladamente de menores e das súas familias.

-Só se fixeron actos institucionais por mor da pandemia.

Medida 9. Organizar actos institucionais de apoio e prevención dos delitos de odio mediante a colaboración con asociacións LGTBI na conmemoración de datas significativas, como o 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGBT, e o 24 de outubro, Día Internacional de Acción pola Despatoloxización Trans.

-Nesta liña, a concelleira de Igualdade, Eugenia Díaz Abella, deu lectura no salón de plenos do Concello ao manifesto da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) pola celebración, o día 28 de xuño, do Día do Orgullo LGTBI. Ao acto asistiron representantes da corporación municipal.

Medida 10. Levar a cabo actividades específicas dirixidas ás etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria sobre o respecto á diversidade das identidades de xénero e á orientación sexual, e previr especificamente a homofobia, lesbofobia e transfobia nos centros educativos privados e públicos do concello de Ourense.

-Dentro da oferta formativa da **Universidade Popular**, realizouse a Teleformación de 30 horas, **Literatura infanto-xuvenil e diversidade: contos diversos e inclusivos**, impartido pola docente Estefanía Estévez Cacheiro. Se ben a actividade non ía dirixida directamente ao público infantil, o público beneficiario final de dita formación no futuro serán as crianzas pequenas.

Medida 11. Posicionarse e denunciar publicamente, como Concello, calquera acto ou delito de odio relacionado coa diversidade que teña lugar no termo municipal do que se teña coñecemento.

-Non se tivo coñecemento de ningún, o cal non quere dicir que non se producisen, sobor de todo nas redes sociais, pero nestes medios non se adoitan denunciar tanto como cando os actos son físicos.

ÁREA 4. PROMOCIÓN DO BENESTAR SOCIAL EN IGUALDADE

Total de medidas comprometidas: 9

OBXECTIVO 4

Garantir a integración da perspectiva de xénero e a promoción da equidade entre mulleres e homes nos programas e actividades dirixidos a mellorar o benestar social.

Medida 1. Diseñar unhas recomendacións de transversalización de xénero nos contidos da Concellaría de Benestar Social identificando a pertinencia de xénero nos programas que se desenvolven.

-Non realizada, o cal non axuda a garantir a inclusión da transversalización de xénero en todas as fases/procedementos dos programas. Porén, si se identifican programas que inclúen transversalmente a igualdade nos seus obxectivos ou actividades.

Medida 2. En todas as bases dos pregos de contratación, concursos e convenios asinados con entidades ou empresas prestadoras de servizos sociais, revisar, incluír e baremar especificamente obxectivos transversais e específicos de igualdade que se teñen que reflectir na metodoloxía, contidos e actividades que se leven a cabo, así como na formación (*Curriculum Vitae*) do persoal encargado de impartilas ou coordinalas- Por exemplo, convocatorias dos campamentos de verán, Nadal ou Semana Santa; programas de apoio escolar e extraescolar; clases de idioma e cultura española para persoas adultas; apoio e intervención sociofamiliar con familias; programa de vacacións en familia, etc.

-Non realizada, o cal, de novo, non axuda a garantir a inclusión da transversalización de xénero en todas as fases/procedementos dos programas. Observamos que si hai programas que inclúen ditos obxectivos ou ben actividades específicas. Por exemplo, na memoria dos **Centros Cívicos**, na selección das posibles empresas prestadoras de servizos de actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil:

*“os proxectos presentados tiñan a obriga de incluír no desenvolvemento das actividades elementos transversais como: **educación en igualdade**, difusión dos dereitos das nenas e dos nenos”.*

-Obviamente, no **Programa Coeduca** da Concellaría de Igualdade esta medida é cumprida ao pé da letra.

Medida 3. Levar a cabo coas posibles entidades ou empresas prestadoras de servizos unha reunión informativa e de presentación das novas directrices técnicas de baremación, co obxectivo de aclarar posibles dúbidas e facilitar a súa posta en marcha.

-Non se ten información de que se celebren estas reunións, pero si hai constancia da inclusión de criterios e xénero nas convocatorias de subcontratación de determinados servizos, tanto no CIMM como en Servizos Sociais e Educación.

Medida 4. Atender especificamente un posible déficit de participación, de discriminación, ou situacións de maior risco de exclusión social das mulleres dos diversos colectivos cos que se traballa nos programas de Servizos Sociais.

-Desde **Benestar Social** informaron de que seguen co **Plan Concertado**, sendo unha boa parte das persoas beneficiarias mulleres, por mor da feminización da pobreza. Este ano os efectos da crise sanitaria e económica acentuaron o número de demandantes, especialmente de familias monoparentais e mulleres. Seguen a ser as mulleres as maiores usuarias (e beneficiarias) dos servizos sociais. Isto convérteas en potenciais usuarias dependentes das axudas públicas, que supoñen (en termos porcentuais) case **un 80% das axudas** do Plan Concertado. Se ben estas axudas son xestionadas por elas, benefician a toda a unidade familiar/de convivencia.

-Tamén en Servizos Sociais, desde o **Fogar do Traseúnte** atenden a mulleres en risco de exclusión (sen recursos económicos, mulleres soas e con familiares a cargo, que forman familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero, en desemprego de longa duración, exreclusas, mozas extuteladas...).

Medida 5. Velar especificamente para que nos procesos de integración das e dos menores e das familias coas que se intervén desde Servizos Sociais se inclúan valores de igualdade, prevención das violencias de xénero e corresponsabilidade.

-Non se fai dun xeito sistemático, pero si en algúns programas.

Medida 6. Levar a cabo cursos de formación en autocoidado (corrección postural, risoterapia, redución do estrés, etc.) para as persoas coidadoras de xente maior ou dependente.

-Na oferta formativa da **Universidade Popular**, este ano organizouse o curso de Formación online de Monitor/a especialista en integración e atención a persoas con discapacidade en actividades de ocio e tempo libre, cun total de 64 solicitudes.

Medida 7. Descentralizar algunhas das actuacións comprometidas neste III Plan levándoas ás zonas máis rurais do Concello de Ourense.

-Este ano, por mor da pandemia, moitas das actuacións foron suspendidas ou realizadas virtualmente. Polo que respecta aos **centros cívicos** e á participación de persoas adultas (mulleres e homes) nas actividades que nestas dotacións se levan a cabo, temos que no ano anterior (2019) esta fora **maioritariamente de mulleres**, segundo nos mostran os datos do número de solicitudes. Por outra parte, a participación está moi repartida nas **diferentes dotacións** municipais que atraen máis ou menos aos núcleos rurais do municipio en función da súa proximidade e accesibilidade en transporte público.

Por Centro Cívico as solicitudes repartíronse do seguinte xeito:

Centro Cívico	Mulleres	Homes	Total
Colón-Casa da Maxia	149	29	178
A Cuña	42	10	52
A Ponte	171	41	212
As Termas	95	33	128
Seixalbo	20	9	29

Medida 8. Realizar un obradoiro de promoción da autonomía para homes maiores que viven sós, abordando temas como o control da medicación, xestións e limpeza do lar, tramitación de facturas, coidado da roupa e pasar o ferro, compra e cociña, comidas equilibradas, etc.

-Non se realizou. O máis semellante a esta actividade foi a campaña de sensibilización e información realizada por **Medio ambiente sobre a reciclaxe de aceites** de uso doméstico, protagonizada só por homes.

Medida 9. Seguir organizando actividades saudables, nomeadamente para as mulleres maiores (andainas, obradoiros de risoterapia, tai-chi, pilates, ioga, ximnasia de mantemento, etc.), como un espazo de autocoidado e de socialización.

-Desde **Participación Cidadá** informaron de que moitas das asociacións e locais de veciñanza e de xente maior pecharon ou **seguen pechados**, o que consideran vai acentuar os problemas de saúde e soidade deste sector de idade, sinaladamente das mulleres, pois son estes dispositivos parte importante dos seus espazos de socialización “ao non ir elas tanto de bares” como si fan os homes na súa socialización.

-Este ano deuse continuidade ás xa asentadas actividades formativas da **Universidade Popular**, que seguen a ter continuidade anual e periódica, se ben moitas delas foron realizadas virtualmente, outras adiadas e outras directamente suspendidas. O programa formativo deste ano rexistrou un constante incremento no número de persoas participantes con **2.593 matrículas**, un excelente dato de participación, dadas as extraordinarias circunstancias pola COVID-19. Dos 131 cursos ofertados, os máis solicitados durante o período de preinscripción foron os de pilates, ioga, cociña saudable, ximnasia hipopresiva ou poda e enxerta, entre outros, algúns directamente relacionados co benestar, e con gran participación de mulleres como:

- Ioga: 114 solicitudes, en dúas quendas.
- Exercitación da memoria: 85 solicitudes, en dúas quendas.
- Formación online: Monitor/a especialista en integración e atención a persoas con discapacidade en actividades de ocio e tempo libre: 64 solicitudes.



-Por outra banda, observamos que se modernizou o formulario online de solicitude de inscrición nas actividades da **Universidade Popular**, promovidas desde Educación. Con todo, aínda **segue sen rexistrarse a variable sexo en dito formulario**, o cal dificulta facer un cómputo rápido da participación en cada actividade en función do sexo. Por iso insistimos de novo en que é preciso seguir facendo esforzos na desagregación por sexo dos datos municipais e a súa sistematización, pois unha vez incorporada a variable nos ficheiros e bases de datos xa se asenta a boa práctica.

-No que respecta á atención ás mulleres anciáns, o **Club de Leóns Ourense Calpurnia**, dun xeito altruista e voluntario, colabora xunto co Concello na atención ás persoas que viven en soidade, a meirande parte delas mulleres debido a feminización da vellez.

-Tamén se asinou un convenio de colaboración coa **Cruz Vermella** para a atención e seguimento das persoas maiores que viven en soidade.

ÁREA 5. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE A CULTURA, AS ARTES E AS BIBLIOTECAS

Total de medidas comprometidas: 13

OBXECTIVO 5

Promover valores de equidade de xénero desde os proxectos, programas, actividades culturais, artísticas, musicais, museísticas, etc. que organice ou financie o Concello.

OBXECTIVO 5.1. Incluír dun xeito específico valores de equidade entre mulleres e homes nas programacións e actividades culturais e artísticas que organice o Concello.

Medida1. Potenciar que na selección de obras para os principais eventos culturais e artísticos que organiza directamente o Concello (mediante a participación en feiras de mostras ou outros medios), para representar tanto nos espazos propios coma alleos, se teñan en conta criterios de igualdade nos contidos abordados, nos guións, na autoría da obra seleccionada, no elenco de artistas, na produción, etc. (Festival Internacional de Teatro, Festival Internacional de Cine, Festival de Teatro Infantil...).

-Destacar que nas **Aulas de Teatro Universitario** de Ourense, nas que participan arredor de 50 alumnas/os (sendo máis mozas que mozos) organizadas/os en nos catro grupos ou niveis (Rosaura, Cordelia, Maricastaña e Geppetto-infantil), a formación corre a cargo da compañía Sarabela Teatro, coas docentes Sabela Gago e Fina Calleja. Porén, o director é un home, Fernando Dacosta.



-No verán, na programación do **Verán Cultural** da Concellería de Cultura, contouse coa participación de mulleres artistas en distintas disciplinas, e tamén con obras con contidos de xénero. Así, por exemplo, realizouse o ciclo de concertos de jazz no centro Comercial Ponte Vella de Ourense. Todas as actividades foron de balde e dirixidas a todos os públicos. Contouse coa participación de mulleres entre o elenco de artistas, como a cantante Diana Tarín e Alfonso Medela Trío, recoñecido pianista e compositor do Carballiño.

Por outra banda, na terraza do Auditorio foi representada **Sincronizadas. Oh! Olimpíadas**, unha proposta na que dúas limpadoras ven como as súas rutinas son retransmitidas por

televisión, coma se dunha competición olímpica se tratase, sendo así o cotián rol de xénero feminino, narrado como se fose un momento único. Neste mesmo espazo, representouse a Camerata Lírica *La Traviata*, baseada na novela de Alejandro Dumas **A dama das camelias**. -En novembro, na **5ª edición do Ciclo Lírico**, destacamos no percorrido musical renacentista da Europa do século XVI as actuacións das seguintes **artistas**: a soprano Delia Agúndez, xunto a María Alejandra Saturno coa viola de gamba e Alicia Lázaro ao laúde.

-En decembro levouse a cabo no **Museo Municipal** a exposición “Reencontros e banalidades”, un **proxecto fotográfico** da ourensá **Beatriz Durán**. Amosa 59 luscofoscus fotografados durante os 59 días de confinamento, no marco do estado de alarma. A mostra é, a súa vez, un proxecto solidario para así axudar a quen está sufrindo as consecuencias da pandemia, individual e colectivamente. Ten como finalidade amosar apoio e comprensión a aquelas persoas que viviron a pandemia na soidade, ás que sufriron problemas de saúde e as viviron outras situacións complexas. Asemade, a recadación da venda das obras é para a Asociación Española Contra o Cancro.

-Desde Educación, levaron a cabo de xeito virtual o **Festival Sólodos En Danza** Ourense 2020. A edición en liña abriu outras posibilidades até o de agora non desenvolvidas e cunha grande participación de mulleres bailarinas.

-Durante o Nadal celebrouse a XVII edición da consolidada **Mostra de Teatro Infantil de Ourense (MOTI)**. Fancendo unha análise pormenorizada da programación e das fichas técnicas de cada obra representada, observamos que hai unha **grande participación de mulleres**: no elenco de intérpretes, nas esceneografías, na dramaturxia, nas coreografías, e na dirección (Leticia Álvarez, Elena Seijo, Laura Sarasola, Patricia Toral, Andrea Bayer, etc.). Con todo, os apartados de luces e produción musical seguen a ser ámbitos máis masculinizados. Polo que respecta ao protagonismo central, destacamos algunha pezas onde son nenas ou mulleres as protagonistas, **aportando así referentes femininos**: *Coñecendo a Pipi*, *O león azul*, *Orejas de mariposa*, *O baúl da tía tola*, e *Años luz*. Noutras obras do programa, ou ben teñen un papel semellante aos homes, ou secundario; ou mesmo só hai protagonistas homes. Destacan tamén os contidos específicos de **promoción de valores de igualdade**, en obras como *Coñecendo a Pipi*, *O león azul*, e *Orejas de mariposa*.

LUNS 28
18'15 h. na Biblioteca Pública de Ourense

TRÉCOLA TEATRO (Galicia)
O león azul



XÉNERO/TÉCNICA: CONTACTOS | **IDADE RECOMENDADA:** A PARTIR DE 4 ANOS | **DURACIÓN:** 35' | **AFORO:** LIMITADO [SEGUNDO AS NORMAS DO MOMENTO] | **TARIFA:** LIBRE

SINOPSE
O Circo Mariño está chegando á cidade. A veciñanza está entusiasmada; amoreáase para ver chegar os animais; entre eles hai un moi especial: un león azul! Pero pola

FICHA
ELENCO: Leticia Álvarez “Lele” e Tegra
CREACIÓN E PRODUCCIÓN: Trécola Teatro | Merchi&Pilonchi

noite, baixo a carpa do circo, o león bóta-se a chorar desconsoladamente. Que é o que lle sucede? Klara, unha nena da aldea decide axudalo. Xuntos emprenderán unha aventura: a da liberdade e a amizade.

Medida 2. Incluír especificamente temas de igualdade, cando proceda, nas sinopses e presentacións que se fagan das obras programadas, como un criterio máis de presentación.

-Como xa se ten sinalado, observamos que nas programacións de teatro adicadas ás crianzas, **Mostra de Teatro Infantil de Ourense (MOTI)**, destacan pezas que cuestionan ou revisan os tradicionais roles de xénero, e tamén na programación do **Verán Cultural**.

-Este ano contratouse a obra ***Os nenos da variola***, da Compañía Pérez & Fernández a partir de la novela de María Solar e en coproducción con el Centro Dramático Gallego (CDG). O protagonismo xira en torno a **Isabel Zendal**, a enfermeira que fixo a travesía oceánica até América no ano 1803 cun grupo de crianzas do hospicio da Coruña para estudar o comportamento do virus da variola.



Medida 3. Promover e aplicar os mesmos criterios de igualdade para aqueles eventos culturais e artísticos que non organiza directamente o Concello, pero nos que ten unha colaboración salientada, como na Mostra de Teatro Universitario de Ourense, etc.

-A 25ª Mostra de **Teatro Universitario (MITEU)** celebrada no mes de xullo deu cabida a máis de 17 espectáculos teatrais que se concentraron, na súa meirande parte, no Teatro Principal, pero tamén en novas ubicacións. Participaron compañías universitarias e profesionais de Galicia, do resto do Estado e do exterior (con invitados de Portugal, Guinea Ecuatorial, Italia e Arxentina). Destacamos, por exemplo, a obra *Electra e un enxame de moscas*; e as obras *Quince minutos e Imperator*, que correron a cargo de **Mónica Sueiro** e a compañía **Maricastaña**, respectivamente.

-En canto ás pezas teatrais, en xeral, destacamos **1879. Casa de bonecas**, espectáculo que foi galardonado co **I Premio Luísa Villalta pola Igualdade** concedido pola Diputación da Coruña. Está baseado na obra de Henrik Ibsen, un **alegato feminista** que se converteu co paso do tempo na independencia da muller nunha sociedade de homes, pois fala do escándalo que supuña na época (1879) que unha muller marchase da casa. Con *Casa de Muñecas* revívase o nacemento dunha das maiores heroínas do teatro, Nora Helmer. Esta dona e nai perfecta agocha un “perigoso” segredo: anos atrás falsificou unha sinatura para conquistar un préstamo (negado ás mulleres da época). Cando todo sae á luz, descubre que o seu home non a considera máis que un obxecto da súa propiedade.



Medida 4. Seguir a organizar e manter os espazos paralelos de ludoteca móbil e/ou conciliación nas programacións culturais e artísticas do Auditorio de Ourense e noutros locais, de titularidade municipais ou non (de teatro, danza, música, cine, audiovisuais...), procurando que nas actividades que se leven a cabo se traballen valores de igualdade.

-Durante os actos en torno ao **8 de marzo**, ofértase dun xeito habitual o servizo de **cangu-raxe puntual** e paralelo ás actividades (previa reserva anticipada de tan só dous días).

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.2. Incluír dun xeito específico valores de equidade entre mulleres e homes nas actividades que se organicen nas bibliotecas, bebetecas, ludotecas municipais, espazos expositivos, ou nos centros educativos cos que colabore o Concello.

Medida 1 . Incluír dun xeito específico valores de equidade entre mulleres e homes nas programacións trimestrais de actividades que se organicen nas bibliotecas, bebetecas, ludotecas municipais (audicións, encontros con autoras/es, animación á lectura, tertulias literarias, círculos de lectoras/es, monicreques, contacontos, cinefórum, días ou festividades conmemorativas, conferencias...).

-Non se conta con información específica, pero si se organizan actividades con contidos de igualdade por parte das empresas, entidades, asociacións subcontratadas. Estas son as que finalmente implementan gran parte das actividades que se desenvolven nestes espazos públicos.

Medida 2. Organizar todos os anos unha actividade en torno dunha autora galega (escritora, ensaísta, pensadora, pintora, escultora, dramaturga, cantante, compositora, etc.) nas bibliotecas, bebetecas, ludotecas municipais, espazos expositivos, museos..., visibilizando así as achegas das mulleres galegas á cultura.

-Destacamos que durante a 5ª edición do **Ciclo Lírico** levada a cabo **Auditorio**, no mes de novembro, algún dos concertos xiraron en torno a figura de **Rosalía de Castro**. Por exemplo, a mezzosoprano Nuria Lorenzo (xunto con Alejo Amoedo, ao piano) realizou unha homenaxe ao Ano de Nós, no que estivo inmerso a cidade. Asemade, ambos ofreceron un concerto con textos de Pedrayo, Risco, Cuevillas, Rosalía de Castro, Eugenia Osterberger ou Curros Enríquez. Paralelamente, é moi salientable a estrea por parte de Juan Durán (premio Raíña Sofía de composición) do seu **“Tríptico rosaliano”**, sobre poemas de Rosalía de Castro.

Medida 3. Organizar unha xornada de traballo co persoal das bibliotecas, ludotecas, bebetecas municipais e privadas de Ourense e coas librerías da cidade para partillar experiencias, retos e recursos en torno á promoción da igualdade.

-O Concello, no mes de maio, promoveu unha **Campaña de fomento da lectura e de apoio ao pequeno comercio** mediante o **agasallo** a nenas/os e mozas/os de até 18 anos dun libro de libre elección. Consideramos que foi unha ocasión perdida para a promoción de lecturas con contidos que promocionen valores de igualdade, ou cando menos, non sexistas.

Medida 4. Nos recunchos de xogos e disfraces das bibliotecas, ludotecas e bebetecas previr as actitudes violentas e discriminatorias de xénero entre nenos e nenas.

-A meirande parte deste tipo de actividades foron suspendidas cando comezou o confinamento e continúan até hoxe.

Medida 5. Nas bases dos concursos literarios, artísticos, fotográficos... incluír valores ou criterios de igualdade (temática que aborda, enfoque, linguaxe empregada, etc.).

-Non se inclúen especificamente.

Medida 6. Fomentar a visibilidade das mulleres artistas incluíndo a variable sexo/xénero, tanto no inventariado de fondos como no catálogo de autoras/es do Museo Municipal.

-No **novo catálogo** elaborado polo Museo Municipal, este ano incluíu polo menos unha muller pintora.

Medida 7. Nas visitas guiadas ás exposicións municipais, incluír a análise de xénero das obras (representacións de xénero nas obras, os roles de xénero, traxectoria da/o artista, etc.).

-Este ano, fíxose a exposición da **fotógrafa ourensá Beatriz Durán** nunha das salas do Museo Municipal.

Medida 9. Seguir fomentando a participación de mulleres artistas nos diferentes espazos expositivos cos que conta o Concello.

-Este ano, fíxose a mencionada **exposición sobre a pandemia da fotógrafa** ourensá Beatriz Durán nunha das salas do Museo Municipal.

ÁREA 6. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE O TURISMO

Total de medidas comprometidas: 5

OBXECTIVO 6

Promover a igualdade de xénero e a visibilización das mulleres nas actividades de promoción turística que organice, financie ou nas que colabore o Concello.

-A pesar de non contarmos con información específica de promoción da igualdade relacionada co turismo, si podemos indicar que determinadas actuacións levadas a cabo desde Cultura (teatro, concertos, festivais, exposicións...) e que poden ter un impacto nos atractivos turísticos da cidade e na súa promoción, si conteñen elementos de xénero, como xa sinalamos.

Medida 1. Promover o coñecemento da xenealoxía da historia das mulleres e as súas achegas, sinaladamente das ourensás ou galegas salientables nalgún ámbito artístico, cultural, histórico, científico, deportivo, etc. mediante un percorrido polos lugares da cidade onde estea a súa pegada (lugares de acontecementos históricos relacionados coas mulleres e coa igualdade, lugares ou fábricas de oficios tradicionais das mulleres, nomes de rúas, prazas, edificios, estatuas, esculturas ou obras de arte relacionadas coas mulleres ou coa igualdade, etc.).

-A edición deste ano da **Bela Auria**, que recuperou un ano máis o Ourense clásico (é dicir, o fervedoiro cultural que era a vida na cidade nos anos 20 do século pasado), "*non quixo ser tan só outra homenaxe á Xeneración NÓS*". Deste xeito, visibilizou aspectos transversais e temáticas que aparecen na xeneración e revista **NÓS**, como "*a infancia, as mulleres que participaron na revista, a visión da sexualidade, a festa, a creatividade, a música*", segundo explicou Óscar Penín, director do evento.



Houbo especificamente unha actuación adicada ás mulleres da época: **NÓS as mulleres, visita teatralizada**. Tamén hai que salientar que a edición foi realizada unha óptica diversa e integradora. Para isto contouse con traducións a lingua de signos, e foi un espazo amigable coas mascotas, libre de Covid-19, sostible (uso de materiais reciclados e reciclables...etc.), e con música, son e iluminación sen estridencias.

- En decembro de 2017 publicouse a Convocatoria do proceso de participación veciñal para a presentación de propostas de mulleres relevantes coas que nomear as prazas e rúas do Concello de Ourense. Recolléronse na Concellaría de Igualdade un total de 37 propostas. Dado o dilatado do procedemento burocrático, que conleva na maioría dos casos a apertura

dun expediente de honores, decidiuse no Consello Municipal da Igualdade, realizar (ademais diso) un recoñecemento público a outras das mulleres propostas. Isto levaríase a cabo trasladando os seus nomes a diversas infraestruturas e/ou colocando placas alusivas nun lugar relevante coa súa vida e/ou logros; recoñecementos que requiren nalgúns casos a correspondente tramitación de autorizacións extramunicipais. Por mor da COVID-19, o procedemento foi interrompido; mais informan desde a Concellaría de Igualdade ide que se retomará o mesmo. Paralelamente, estase a elaborar unha publicación e un vídeo con todas as propostas presentadas, ao que se lle dará ampla difusión, e que figurarán na web municipal unha vez rematados.

Medida 2. Deseñar un roteiro turístico para a cidade de Ourense que dea a coñecer o papel e contribución das ourensás, tanto á historia cotiá como ao desenvolvemento histórico, político, económico, educativo, cultural e artístico da cidade.

-Non feita. Porén, no vídeo promocional das Termas realizado durante a vixencia deste plan hai unha referencia explícita ás ninfas romanas.

Medida 3. Na revisión ou reedición de folletos turísticos, incluír referencias nos contidos e imaxes (dixitais, fotografías antigas, etc.) que visibilicen o papel das mulleres na historia da cidade.

-Non se ten información.

Medida 4. Darlle maior divulgación á mitoloxía feminina de ninfas e deusas pre-romanas e romanas en torno ao mundo das termas (ninfas de As Burgas, Calpurnia Abana, Venus...).

-Xa feito en anos anteriores mediante a edición do vídeo promocional das Burgas e a súa mitoloxía.

Medida 5. Promover a participación das mulleres en certames ou feiras gastronómicas, concursos de tapas, catas de café ou viño, etc. que se organicen desde o Concello ou nos que colabore co gremio de hostalería.

-Non feitas este ano por mor da pandemia.

ÁREA 7. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO DEPORTE

Total de medidas comprometidas: 6

OBXECTIVO 7

Promover unha maior participación das mulleres na práctica deportiva en xeral e traballar pola eliminación dos prexuízos de xénero no deporte.

-Maila que moitas das actividades foron adiadas por estar pechadas as instalacións ou non poder garantirse as medidas sanitarias, algunhas si puideron realizarse.

-Obsérvase un progresivo **aumento da incorporación** do uso **dunha linguaxe escrita e visual** non sexista en inclusiva, e tamén a inclusión de imaxes de referentes de mulleres na publicidade en xeral na documentación, carteis, publicidade e convocatorias de Deportes.

MEDIDAS 1. Apoiar a práctica deportiva profesional e afeccionada por parte das mulleres mediante a creación de premios ou bolsas específicas para os deportes onde están infrarrepresentadas.

-Existe na cidade unha **Escola de Fútbol feminino** que recibe apoio e colaboración do Consello Municipal de Deportes.

-As **bolsas deportivas** xa están incluídas como unha boa práctica, e comprobamos que se mantén o criterio de que en toodas as carreiras organizadas polo Consello Municipal de Deportes se estableza unha **idéntica dotación** dos premios para as categorías femininas e masculinas, promovendo así a equidade de xénero.

-Tamén comprobamos, de novo, o mantemento da boa práctica de igualdade incluída **nas bases do procedemento de valoración de todos os clubs/entidades** deportivas nas concesións de axudas.

-O Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense deu apoio económico para fomentar o deporte de base na cidade a un total de 76 entidades deportivas **de 28 disciplinas diferentes**. O Consello Reitor aprobou por unanimidade a convocatoria de subvencións para a tempada 2019/2020, dotada con 670000 euros. As axudas danlle apoio a uns clubs que suman 9232 licenzas deportivas, das que o 70% son de nenos/as e mozos/as menores de idade.

As subvencións dan apoio a unha grande variedade de modalidades deportivas, algunhas delas claramente masculinizadas ou feminizadas: aeromodelismo, balonmán, baloncesto, fútbol sala, fútbol, halterofilia, tenis de mesa, voleibol, ximnasia, hóckei, tiro olímpico, salvamento, waterpolo, fútbol gaélico, montañismo, natación sincronizada, triatlón, kick boxing, taekwondo, volei praia, piragüismo, badminton, rubgi, xadrez, kung-fu, pádel, loita, patinaxe, natación, tiro con arco e ciclismo.

Medida 2. Organizar obradoiros, clases de balde e exhibicións deportivas de nenas, mozas e mulleres adultas en espazos públicos, como prazas e rúas, para motivar a súa práctica.

-Xusto antes do confinamento organizouse **a carreira** polo día da muller o 8 de marzo baixo o lema **«Son libre para correr»**, co-organizada polo Consello Municipal de Deportes e o Clube RunManiak Box, que tiña como punto de partida e meta a Praza Maior. O mesmo día, tamén no Pabillón dos Remedios, realizouse o **partido de fútbol amistoso “Pola igualdade real entre mulleres e homes”** entre o CD. Rosalia de Mulleres de Ourense.


-De novo, levouse a cabo durante o verán a trixésimo sexta edición no Xardín do Posío de **Taichi**, arte milenaria chinesa, con asistencia libre e de balde, sen límite de idade ou condición física. A actividade conta co apoio da Concellería de Deporte e aposta por dinamizar os hábitos de vida saudables, pero tamén estimular as relacións entre persoas de diferente idade, cultura ou educación. O Taichi está indicado para todas as idades, xa que adapta a súa intensidade a calquera idade e condición física. Entre os beneficios desta disciplina están os de relaxar mente e corpo, eliminando tensións musculares; ao tempo que fortalece, tonifica e conecta as cadeas musculares de todo o corpo. A través de diferentes técnicas de respiración e dun adestramento funcional, produce ademais unha mellora notable da postura corporal. Está especialmente indicado para eliminar o estrés, tonificar os músculos do corpo, mellorar a capacidade funcional dos órganos, diminuír o risco de enfermidades cardiovasculares, fortalecer e equilibrar as zonas lumbares e abdominais, ou aumentar a densidade ósea para previr a osteoporose; e segue a ser una actividade deportiva que resulta especialmente atractiva para ás mulleres.

-A programación de **Actividades dirixidas**, veuse seriamente afectada polas medidas sanitarias derivadas da pandemia e, se ben non van dirixidas especificamente ás mulleres, pois teñen unha vocación xeral, nalgunhas delas participan **bastantes mulleres** (pilates, ioga, ximnasia, augaxim, etc.). Desde Deportes, e desde a páxina web do Concello e desde unha conta de Twiter, desenvolveuse (e segue desenvolvéndose) en formato virtual o Programa de adestramento **#quédatenacasa #adestranacasa**, que oferta unha rutina de activación física. Esta está adaptada aos espazos pequenos como son as vivendas, e ofértanse exercicios que non precisasen dun material ou equipamento especial como o que poden ofrecer as instalacións deportivas en xeral.

-Desde **Medio ambiente** promoven a realización de actividades físicas ao ar libre e en espazos verdes e senlleiros. Este ano, nas accións de planificación de zonas verdes, deportivas e de esparcemento da cidade, incluíse o obxectivo específico **“Incentivar á práctica de deportes máis propios de homes por parte das mulleres”**, tentando así rachar cos esterotipos de xénero aínda persistentes no ámbito deportivo. Con este obxectivo, na planificación da nova construción dunha **zona de calistenia** (actividade moi masculinizada) **no parque Angelita Paradela** (Barrocás), á hora de escoller as cores do caucho continuo do chán sobre o que se colocarán o elementos de práctica deste deporte escolleuse unha cor rosada para rachar cos estereotipos masculinos e femininos asociados ás cores.

-Por outra banda, algunha das actividades programadas veuse suspendida por mor da pandemia, como a actividade concientizadora sobre a violencia machista que se ía a desenvolver no transcurso do partido de fútbol de Liga C.D. Seixalbo-ACD Cartelle baixo o lema **“Aquí non se xoga coa violencia machista”**.

Finalmente, levouse a cabo o 13 de marzo de 2021, desligado do partido de fútbol por mor da covid. Existe un vídeo sobre o evento pendurado na web municipal.



Medida 3. Promover desde o Concello, ou en colaboración con empresas/asociacións de lecer e tempo libre, a organización dun campamento deportivo nos períodos vacacionais (Nadal, Semana Santa ou verán) cunha oferta multideportiva que motive máis a participación de nenas e mozas.

-Os exitosos campus de natación sincronizada ou patinaxe artística non se fixeron este ano pola pandemia.

Medida 4. Incluír na convocatoria de subvencións ás asociacións, clubs e federacións deportivas a obriga, segundo a Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, de fomentar a participación equitativa de mulleres e homes (40% - 60%) nas presidencias de consellos e comités deportivos.

-O que se esixe é unha porcentaxe no número de licenzas na categoría feminina. Infórmanos de que as presidencias dos clubs están moi en función do nesgo de xénero do propio deporte.

Medida 5. Esixir ás asociacións, clubs e federacións deportivas a listaxe de persoas participantes desagregadas por sexo/xénero.

-Xa establecido en anos anteriores. Para que os clubs poidan acceder a subvencións, valórase o número de licenzas en categoría feminina. Este ano 2020 foron de 3102, respecto ás 2707 da tempada pasada (2019); é dicir **495 licenzas máis de nenas/mozas**, e o que representa un 33,60% do total das licenzas subvencionadas. Esta porcentaxe está varios puntos por riba da media de práctica deportiva federada a nivel estatal.

-Este ano, a **Carreira de San Martiño** (onde se conta con datos de inscrición desagregados por sexo e na que está instaurada a boa práctica de ofrecer o mesmo importe nos premios para as categorías feminina e masculina) veuse suspendida por mor da pandemia.

Foi reconvertida nunha **Carreira Solidaria Virtual**, nun obxectivo solidario, e cunha grande participación de xente nova e sinaladamente mozas que gravaban e subían as redes sociais os vídeos da súa carreira.

Medida 6. Establecer un plan progresivo de reformas arquitectónicas ou de instalación de elementos para que todos os equipamentos deportivos municipais estean dotados de cambia cueiros.

-Non se ten información.

ÁREA 8. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DESDE A EDUCACIÓN

Total de medidas comprometidas: **13**

OBXECTIVO 8

Promover valores de equidade de xénero na comunidade educativa dun xeito permanente e transversal.

Medida 1. Reforzar e ampliar, en colaboración cos centros de ensino de primaria, os programas de fomento de valores de igualdade de xénero que involucren a toda a comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado), como o “Programa de Educación en Igualdade”. Asemade, ir incorporando os debates máis actuais na equidade de xénero (estereotipos de xénero, masculinidade hexemónica, diversidade de identidades de xénero, diversidade de tipos de familias, corresponsabilidade no lar, etc.).

-Durante o período estival e no Nadal levouse a cabo o programa de actividades educativas e de lecer infantil (**Espazo Coeduca**) destinado a rapaces e rapazas de 6 a 12 anos. O programa busca axudar á **conciliación** dos tempos das familias, e está subvencionado polo Ministerio de Igualdade e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, polo cal ten que garantir a inclusión de **valores de igualdade**. O programa conta cunha ampla sala dotada de xoguetes, películas, contos, libros, xogos educativos e material didáctico para a rapazada de diversas idades; todos coidadosamente seleccionados de cara a garantir un correcto tratamento non sexista nos seus contenidos e posible uso polas persoas monitoras. Desde este programa foméntase a educación equitativa e a convivencia coas diversidades (ver páx. 9 e 10).

Medida 2. Estender este tipo de programas facendo as adaptacións oportunas á ESO, sinaladamente no referente ao ciberacoso, *sexting*, *grooming*, acoso escolar e de xénero; identificación dos chamados micromachismos e das violencias de xénero; os efectos da masculinidade hexemónica; a diversidade de identidades de xénero; os discursos de xénero en torno ao corpo; a gordofobia; a prevención da homo-lesbo-transfobia; a diversidade de tipos de familias; a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, etc.

-No xa mencionado programa do **CIMM**, Espazo Coeduca, abórdanse estes contidos adaptados ás idades da poboación destinataria.

Medida 3. Difundir a idea da “tolerancia cero” aos micromachismos entre a comunidade educativa e a mocidade en xeral para frear a súa normalización dentro e fóra dos centros educativos. Entre eles contamos os “falsos” piropos cara ás mozas, facer risos con chistes machistas e sobre persoas LGTBI, espiar coas olladas ás mozas, criticar o comportamento sexual das mozas e lanzar contos sobre a súa perda da virxindade ou promiscuidade, aproveitar situacións de proximidade física para facer apalpadadas nos peitos ou o cu das mozas, presumir entre mozos de quen ten máis relacións sexuais, etc.

-Unha das actividades programadas neste senso polo CIMM, o relatorio “**Apuntámonos ao botratro. Identificando violencia machistas para outro modelo de relacións**”, que ía

realizarse no Centro Cívico Colón o 26 de marzo, tivo que ser suspendido por mor da entrada en vigor do estado de alarma.

-Por outra banda, e en relación coa actividade anterior, a irrupción da COVID-19 truncou o desenvolvemento do que ía ser o inicio do Programa **“Apuntámonos ao Botrato”** cuxa implementación, desde a Concellaría de Igualdade-CIM, estaba prevista no novo curso académico nos centros de ensino secundario, traballando en sinerxia coas ANPAs, o profesorado e alumnado adolescente que se adherise ao mesmo.

Co profesorado estaba xa organizado un curso de formación en igualdade e prevención das violencias de xénero, o acoso e as agresións sexuais entre adolescentes; curso homologado pola Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. A formación incluía, baixo o título **Apuntámonos ao Botrato! Ten algo que ver a pornografía coa (des)igualdade? Guía didáctica contra as violencias machistas. Prevención do acoso e agresións sexuais entre adolescentes**, a edición e difusión por parte da Concellaría de Igualdade dunhas guías didácticas elaboradas *ad hoc* pola educadora Montse Vilar Figueirido (Librería Lila de Lilith) dirixidas ao persoal docente e ás familias (contemplábase tamén un curso formativo nesta materia coas Anpas). Outras unidades didácticas ían enfocadas especificamente á poboación adolescente, coa que traballarían coordinadamente o profesorado nas aulas e as familias desde os fogares.

Do mesmo xeito, contábase coa intervención da Compañía Zoologic Teatro, teatro social e comprometido cunha ampla traxectoria en levar ao público adolescente este tipo de temática baixo a consigna da improvisación, a técnica e o xogo escénico, establecendo un diálogo directo coa mocidade.

Prevese levar a cabo este programa en canto a situación xerada pola COVID-19 o permita.



Medida 4. Informar, concienciar e facilitar ferramentas para loitar contra as violencias de xénero a través das tecnoloxías (como o *sexting* ou *grooming*, ciberacoso sexual, porno por vinganza, *cyberbullying*, etc.) dirixidas tanto ao propio alumnado como ao resto da comunidade educativa.

-O Programa ***Apuntámonos ao Botrato!*** da Concellaría de Igualdade-CIMM contempla todos estes aspectos, que tamén aparecen recollidos nas guías didácticas.

Medida 5. Reforzar e dar continuidade aos programas de carácter permanente da propia Concellaría sobre os debates contemporáneos das identidades de xénero, de promoción da igualdade e da equidade, das novas masculinidades, de prevención das violencias de xénero e da homofobia, de promoción de paternidades responsables, etc.

- Un destes foi o xa mencionado **Espazo Coeduca** promovido o CIMM.
- O Programa ***Apuntámonos ao Botrato!*** tamén pretende ter carácter continuo.

Medida 6. Levar a cabo actividades de formación para o profesorado e o alumnado de secundaria sobre educación afectiva e sexual libre de estereotipos de xénero; as consecuencias da heterosexualidade hexemónica e normativa; a prevención da homo-lesbo-transfobia; a prevención de embarazos non desexados e de infeccións de transmisión sexual; a detección e prevención da violencia de xénero entre a mocidade (sinaladamente cos mozos); e concienciando sobre o tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual que se a miúdo se agocha tras a prostitución.

- O Programa ***Apuntámonos ao Botrato!*** da Concellaría de Igualdade-CIMM contempla moitos destes aspectos, que tamén aparecen recollidos nas guías didácticas. Aínda que quedou paralizado pola COVID-19, preténdese que sexa posto en marcha en canto a situación sanitaria o permita.

Medida 7. Elaborar unidades didácticas específicas que visibilicen a contribución das mulleres ourensás ao desenvolvemento social, histórico, político, cultural, artístico, científico, literario, económico, etc. da cidade de Ourense, poñendo en valor as súas achegas.

- Se ben non se realizou unha unidade didáctica, nos anos anteriores si se tomou algunha medida en relación á visibilidade das mulleres na historia.
- Na actualidade estase a elaborar un material video-bibliográfico coas propostas achegadas pola cidadanía ourensá a raíz da convocatoria municipal de 2017 do proceso de participación veciñal para a presentación de propostas de mulleres relevantes coas que nomear as prazas e rúas do Concello de Ourense. Está prevista a súa edición no ano 2021.
- Convén destacar que en todos os **Premios Clara Campoamor** á Igualdade foi recoñecido o labor a prol da igualdade de persoas, asociacións ou entidades de Ourense, visibilizando e difundindo así as súas achegas neste ámbito. En marzo de 2020, o xurado acordou por unanimidade concederlle o XIV Premio Clara Campoamor á Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, *ex aequo*, a Dona M^a Antonia Rilo Veiga, primeira concelleira de Igualdade, e á Rede Galega contra a Trata.

Medida 9. Seguir apostando pola posta en marcha de cursos de formación en xénero e igualdade no ámbito da animación sociocultural e da dinamización grupal, que inclúan ferramentas,

dinámicas e actividades prácticas, tanto entre o persoal técnico municipal, como entre as e os profesionais do sector que colaboran co Concello.

-Este ano non se fixeron.

Medida 10. Nas bases das convocatorias municipais de campamentos e actividades extra-escolares, incluír nos requirimentos técnicos a obriga da formación específica en igualdade do persoal proposto e posteriormente seleccionado, así como a inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e actividades do programa a desenvolver.

- Desde Educación e Benestar Social, informan que este é un criterio que xa veñen incluído dun xeito habitual.

- Pola súa banda, o CIMM, durante o período estival e tamén no Nadal organizou a **Emocioteca-Programa de Apoio Educativo "Libres e Iguais"**, deseñado como un **servizo de conciliación** de balde, e que se levou a cabo entre os meses de xullo-setembro para crianzas entre 6 e 12 anos. Estivo concebido, tal e como así se reflexa no folleto informativo: *“desde un enfoque transversal igualitario e non discriminatorio”, e sendo os seus obxectivos: ofrecer un espazo seguro que fomente a educación equitativa e igualitaria e a convivencia coa diversidade, promovendo un modelo socio-educativo onde non teña cabida ningún tipo de discriminación.* Asemade, pretendía ofertar un servizo de conciliación coeducativa ás familias. O servizo foi prestado pola sociedade cooperativa **Afouta**, que traballa dun xeito transversal nos seus programas cunha perspectiva feminista.



Medida 11. Fomentar a diminución da fenda dixital en nenas e mozas mediante a realización de obradoiros de robótica, de programación, ou de “chapuzas” tecnolóxicas, etc. adaptados metodoloxicamente a estas idades e tendo en conta os factores de xénero dun xeito transversal no seu desenvolvemento, ofrecendo referentes de mulleres tecnolóxicas pioneiras e actuais, así como materiais didácticos específicos sobre as achegas das mulleres á ciencia.

-Consideramos que está a ser unha grande oportunidade perdida que no novo **Centro de Intelixencia Artificial non se teña especificamente en conta como obxectivo a diminución da fenda dixital de xénero** que se rexistra entre as mulleres de todas as idades.

No mes de outubro de 2020 tivo lugar a presentación oficial e lanzamento público deste centro, que por mor da pandemia foi en modalidade semi-presencial, puidendo “asistir” vía *streaming* desde o propio centro, ou ben *online* por videoconferencia.

Do total de 12 persoas (tendo en conta neste cómputo o alcalde e o director do propio centro) invitadas a participar en dito acto e provintes de diferentes ámbitos científicos, tecnolóxicos e do propio Concello, que presentaron algunha experiencia ou impartiron unha conferencia, destacamos que **non houbo ningunha muller**. Isto non facilita a ruptura dos xa presentes estereotipos de xénero en relación coa ciencia e as tecnoloxías en xeral, nin contribúe á diminución da fenda dixital de xénero e interxeneracional, nin contribúe a imaxinar e crear referentes femininos para ás novas xeneracións. E todo isto, cando cada vez máis vemos como diferentes administracións, institucións, empresas etc. están a apoiar a participación e a visibilización das mulleres no ámbito tecnolóxico e científico en xeral e a potenciación e retención do talento feminino.

Recollemos aquí o programa da presentación do citado centro.



Presentación do Centro de Intelixencia Artificial

Data: 28 de outubro de 2020

Modalidade: Semi-presencial (streaming desde c.IA e online videoconferencia)

Streaming: (https://youtu.be/osTUls_uft1g)

PROGRAMA

Apertura Oficial

11.00 - 11.10 **Excmo. Alcalde de Ourense. D.Gonzalo Pérez Jácome.**

11.10 - 11.30 **Dr. David Olivieri** /Director Xeral de Innovación, Tecnoloxía e IA

Intervencións de Colaboradores

11.30 - 11.40 **Dr. Jesús Manuel García Díaz** /Director do Centro Asoc de Uned Ourense

11.40 -11.50 **Sr. Lois Babarro Alén** /Presidente de AJE Ourense

11.50 -12.00 **Dr. Humberto Michinel Álvarez** /Catedrático en Física UVigo, Director da Escola Aeroespacial

12.00 -12.10 **Dr. Francisco Javier Rodriguez** /Director Escola Superior de Enxeñería Informática de UVigo

12.10 -12.20 **Sr. Sixto Jansa.** /Director OTRI UNED, Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación, Madrid

12.20 -12.30 **Dr. Rafael Martinez.** /Catedrático de IA e Director da Escola Superior de Inxeñería Informática da UNED, Madrid

12.30 -12.40 **Dr. Francisco Gambón** /Xefe de Inmunoloxía do “Hospital do Meixoeiro”, Vigo

12.40 - 12.50 **Dr. Luiz Stark Aroeira** /Senior Research at Fundación para la Investigación Biomédica en “Hospital Universitario La Paz”, Madrid

12.50 - 13.00 **Sr. Jose Manuel Oliver Rivera** /Xefe de Servizo de Urbanismo no Concello de Ourense

13.00 - 13.10 **Dr. Jose María Eguleta Franco** /Servizo Arqueoloxía no Concello de Ourense


Peche do Evento

13:10 - 13.15 **Dr. David Olivieri** / Innovación, Tecnoloxía e IA en Ayuntamiento de Ourense

Medida 12. Fomentar a diminución da fenda dixital nas mulleres adultas, especialmente nas de maior idade, mediante obradoiros de introdución ao manexo de *tablets*, redes sociais, móbiles e aplicacións para os dispositivos móbiles.

- Segundo nos informaron desde o **Centro de Intelixencia Artificial**, nin contan con datos desagregados por sexo (se ben recoñecen que a participación é maior por parte de nenos, mozos e homes), nin teñen obxectivos específicos de igualdade. Recoñecen que deben mellorar a súa expresión escrita para que sexa inclusiva, asemade as imaxes visuais que

empregan (actualmente con referentes masculinos, como menos e mozos manipulando aparatos tecnolóxicos, robots, etc.) para que resulten máis atractivas para o sexo subrepresentado; neste caso nenas, mozas e mulleres.



Se tes menos de 35 anos, o teu compañeiro de traballo será un robot

Máis pronto que tarde, os seres humanos conviviremos con robots que nos substituirán en labores aburridos, repetitivos e perigosos.

Que deben coñecer os actuais traballadores e traballadoras, en que se deben preparar, en que debe formarse a mocidade da actualidade para facer fronte á contorna cambiante actual, caracterizada por unha maior tecnoloxía e dixitalización, e onde priman novas competencias.

Por todo isto, insisitimos unha vez máis na necesidade de levar a cabo medidas específicas que fomenten a participación das nenas, mozas e mulleres adultas nas actividades que se desenvolven desde o Centro de Intelixencia Artificial. E tamén **resulta imprescindible que nos rexistros de inscrición e participación se inclúa a variable sexo/xénero para así saber exactamente que público se está chegando e quen queda fóra**, para deste xeito poder levar cabo medidas específicas que garantan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nos ámbitos de competencia de dita dotación pública. Isto afectaría, por exemplo, aos obradoiros tecnolóxico que se levaron acabo de: robótica, R4 para experimentar a realidade virtual, Impresión en 3D, obradoiros tecnolóxicos STEAM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería, Arte, Matemáticas), drones, realización de apps, robótica, deseño de videoxogos, achegarse ao mundo Hacker, realizar xoguetes en 3D e interactuar coa Intelixencia artificial e robótica.

-En Servizos Sociais, nas actividades que se levan a cabo nos diferentes **Centros Cívicos** da cidade, soen participar máis mulleres que homes. Malia non contar con datos exactos desagregados, pois só se informa (na memoria dos Centros Cívicos) dos datos globais por centro cívico, na oferta inclúese dun xeito xa habitual actividades relacionadas co uso das **novas tecnoloxías** enfocadas a familiarizar e apoiar a autonomía dixital das persoas usuarias. Entre estas destacamos: alfabetización dixital, Photoshop, redes sociais, navegación por internet, trámites e sinatura, procesador de textos, informática avanzada, páxinas web avanzado, Open office e telefonía avanzada con Smartphone.

Con todo, insistimos novamente na necesidade de contar cos datos desagregados por sexo/xénero dun xeito transversal e por actividade, e no tan só no cómputo total de persoas inscritas.

ÁREA 9. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO EMPREGO

Total de medidas comprometidas: **16**

OBXECTIVO 9

Promover a igualdade de oportunidades para as mulleres no ámbito laboral.

Medida1. Seguir a desenvolver programas específicos para mulleres que faciliten a súa empregabilidade no mercado laboral tradicional (coidados, dependencia, cociña, hostalería), así como en sectores emerxentes e non tradicionais (novos niños de emprego).

- Desde o CIMM séguense a facer derivacións e facilítase ás mulleres información sobre recursos, programas e cursos de emprego, maila que a situación deste ano fose especial e moi enfocada a consecución de **axudas económicas**.

- Asemade, para facilitar as posibilidades reais de empregabilidade das mulleres, lévanse a cabo programas de apoio á **conciliación** da vida persoal, familiar e laboral (Igualdade, Benestar Social, Educación, Xuventude...) que teñen unha dobre finalidade; por unha banda, van dixiridas a nenas e nenos como principais persoas destinatarias das actividades; pola outra, facilitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas responsables. Ditas actividades leváronse a cabo nos períodos de vacacións escolares, pero este ano (por mor da pandemia) só foron realizadas no verán e no Nadal, pois a Semana Santa coincidiu co confinamento.

Medida 2. Concienciar e formar o empresariado en igualdade de oportunidades, de cara á diminución dos prexuízos e estereotipos de xénero sobre as capacidades laborais de mulleres e homes, facilitando argumentos e divulgando experiencias previas exitosas diversificadas que contribúan a reducir a forte segregación laboral.

-Non feita.

Medida 3. Na organización das Escolas Obradoiro, fomentar a diversidade profesional de mulleres e homes, incluíndo referentes non estereotipados.

- Desde o Servizo de **Medio Ambiente** levaron a cabo accións de fomento do emprego das mulleres, co obxectivo de incentivar a diversidade profesional e a contratación delas en sectores tradicionalmente máis asociados co rol de xénero masculino. De tal xeito, na memoria xustificativa/prego para a contratación dos servizos de mantemento e mellora das zonas verdes públicas do Concello de Ourense recóllese:

*“As novas contratacións, en interese da **inserción socio-laboral**, terán en conta os colectivos de persoas desfavorecidas ou membros de grupos vulnerables, e as mulleres.”*

Medida 5. Levar a cabo experiencias (prácticas titorizadas) de fomento e fixación de hábitos laborais que faciliten o éxito na inserción laboral e a igualdade de oportunidades das mulleres de colectivos en situación de vulnerabilidade social.

-No referente ao fomento da cultura emprendedora, no **ciclo de charlas por Internet “Ourense innova”**, unha iniciativa da Concellería de Promoción Económica en colaboración co centro municipal La Molinera, nos *webinars* desenvolvidos destacar a participación de Grace Salazar, mentora de empregabilidade, desenvolvemento profesional e xestión do talento; e, por outra banda, de Priscilla Mariscal, orientadora da ONG Centinela que axuda a mulleres en risco de exclusión social.

-Desde a Área de **Benestar social**, en colaboración con Emprego, lévanse a cabo medidas de formación e capacitación para o emprego, como cursos de **alfabetización dixital** específicos para a poboación cigana; impartidos pola asociación Arela con varios obxectivos: favorecer a igualdade de xénero no acceso ao mercado laboral, empoderar as mulleres e aumentar as súas posibilidades de empregabilidade.

-Desde a Concellería de Igualdade-CIMM fanse derivacións de mulleres de determinados colectivos en situación de vulnerabilidade aos servizos de emprego e para a realización de prácticas titorizadas para favorecer a súa integración, se ben este ano moitas delas foron suspendidas ou adiadas.

Medida 7. Desenvolver programas de fomento do autoemprego das mulleres e levar a cabo experiencias de “madrifaxe” dunhas mulleres a outras.

-Non se ten información deste ano. No ano 2019 si había un espazo de coworking.

Medida 9. Impulsar, reforzar e divulgar o viveiro de empresas do Concello como fórmula de fomento do emprendemento por parte das mulleres, mellorando as bases da convocatoria do viveiro de empresas/viveiro municipal para incidir no éxito e sustentabilidade empresarial mediante a impartición de formacións específicas da práctica empresarial (contabilidade, Seguridade Social, impostos, IVE, franquicias...).

-O Concello, en colaboración co **Colexio de Economistas** (mediante a súa presidenta, María del Carmen Sampayo David) asinou a finais de ano un acordo para poñer en marcha un **Servizo de asesoramento gratuíto** destinado a persoas e empresas afectadas pola crise da COVID-19. É de carácter conxuntural, eponse en marcha de xeito excepcional ante a crise económica xerada pola pandemia como unha fórmula para axudar de xeito gratuíto as pequenas e medianas empresas (un número importante delas son microempresas en mans de mulleres) e a cidadanía en xeral para a realización das xestións que precisen ante a dita crise.

Medida 10. Relanzar os plans de empresa e o seu seguimento directo e personalizado, reforzando a superación das barreiras de xénero no mercado laboral.

-Non se ten información.

Medida 11. Relanzar a Feira do emprendemento, que ten un impacto directo nas posibilidades de autoemprego das mulleres.

-Non realizada este ano por mor da pandemia.

Medida 12. Realizar cursos de formación en ámbitos con demandas actuais, como especialistas en cata de viños, aceites, cafés, cortar xamón, termalismo e masaxes, hostalería con inglés, guía turística, tempo de lecer e animación socio-cultural, confección téxtil, servizos web e redes sociais, etc.

-O Concello de Ourense alenta a cultura emprendedora co ciclo de charlas por **Internet “Ourense innova”**, unha iniciativa da Concellería de Promoción Económica desde o centro municipal **La Molinera**. Profesionais de prestixio en diferentes ámbitos debullaron en seminarios a través da Internet (*webinars*) as claves da situación económica actual, o futuro do comercio e o turismo, e propuxeron novas ideas e estratexias de empregabilidade para os novos tempos que se avexiñan. Nesta caso, nun total de 18 ponentes, contouse coa **participación de 6 mulleres**.

Medida 13. Apoiar e impulsar iniciativas empresariais en sectores do ámbito da atención ás persoas, que teñen un impacto directo e dobre no emprego das mulleres (facilitar a conciliación e creación de emprego), como servizos de atención á dependencia, á discapacidade, tarefas do fogar, servizos de comedor, reforzo escolar, actividades de tempo de lecer, campamentos, actividades deportivas e extraescolares...

-Mil escolares de Infantil e Primaria participaron nos **campamentos de verán** que organizou a Concellería de **Educación** do Concello de Ourense nos colexios da cidade. O Concello reforzouno para chegar a máis colexios (11 en total) e a máis participantes (aproximadamente o dobre ca en 2019) coa finalidade de atender ás necesidades de **conciliación** familiar e laboral na cidade durante os meses de verán, cando nenos e nenas disfrutaban das súas vacacións escolares. Asemade, achegan o servizo a **máis barrios** da cidade. Tamén coa mesma finalidade, esténdese a duración dos campamentos ao mes de agosto, para facilitar este recurso ás familias que o precisan nese mes. O emprego xerado por este tipo de actividades educativas e de lecer é maioritariamente feminino (**monitoras e educadoras**).

-No verán levouse a cabo, desde **Xuventude** e en colaboración coa **Asociación Xuvenil Amencer**, o XXXIII **Campamento Urbano**. Desenvolveuse do 3 ao 13 de agosto, para rapazada entre 8 e 16 anos de idade, cun máximo total de 250 participantes, en horario de mañá e de tarde. Dadas as circunstancias, utilizáronse diferentes espazos na cidade en grupos de máximo 15 participantes máis monitores/as.

-E, asemade, hai outra serie de servizos tamén de apoio á conciliación e con perspectiva de xénero, coma o consolidado programa **Espazo Coeduca** da **Concellaría de Igualdade**- CIMM, que se realizou no verán e no Nadal nos centros cívicos desde **Benestar Social**.

Medida 14. Manter e reforzar as axudas á conciliación temperá de nenas e nenos, e aplicar fórmulas de axudas para o coidado de persoas anciás e/ou dependentes nos cursos de formación para o emprego.

-Nesta liña, cabe destacar que desde o Concello se ofertan actividades de apoio á conciliación desde 3 áreas, como xa se indicou en apartados anteriores: **Igualdade, Educación e Asuntos Sociais**.

-A Concellaría de **Igualdade** ofreceu un servizo de conciliación para a tempada estival, cunha programación de actividades deseñada para favorecer un lecer igualitario e a convivencia coa diversidade da poboación infantil. Estivo dirixido a familias con nenas e nenos de entre os 6 e os 12 anos, cun total de 12 prazas, que se adxudicaron por orde de presentación das solicitudes. Así se levou a cabo o servizo **Emocioteca: Libres e Iguais** desde xullo até o 10 de setembro, en horario de mañá (das 10 ás 13 h.), e o servizo **Madrugada e Apoio Educativo** (de 8 a 10 e das 13 ás 15 h.), nun horario máis amplo, para adaptarse ás necesidades das familias e reforzar o traballo escolar que se puidese ver afectado no período de confinamento. Este mesmo servizo tamén fora organizado para o período vacacional de Semana Santa, pero por mor do confinamento tivo que ser suspendido.

A rapazada participou nun conxunto de experiencias libres de prexuízos, desde una óptica de traballo integral, que lles ofreceu unha visión do mundo respectuosa e non sexista. Os obxectivos da actividade foron ofrecer un servizo de conciliación educativa ás familias nun espazo seguro que fomente a educación equitativa e igualitaria e a convivencia coa diversidade, promovendo un modelo socio-educativo onde non teña cabida ningún tipo de discriminación, así como darlle apoio educativo á poboación infantil.

Tamén se desenvolveu a actividade, **Do autocoñecemento á xestión dos sentimentos**, que tivo en conta o contexto psico-social actual causado pola pandemia (illamento social, preocupación sociosanitaria e económica, etc.) que pode dar lugar a estados emocionais alterados, medos, desconfianza, irritabilidade, e afectar negativamente á poboación infantil. Por mor disto, as actividades estiveron enfocadas a fomentar o autocoñecemento emocional, a identificación e xestión dos sentimentos e o adestramento en habilidades sociais, comunicativas e relacionais.

Todos os servizos son realizados desde un **enfoque transversal igualitario** e non discriminatorio, acompañando o grupo para identificar condutas nocivas que interfiran na convivencia pacífica e promovendo dun xeito creativo habilidades e competencias.

Participaron un total de 16 crianzas, 9 nenas e 7 nenos.

-Pola súa banda, desde **Benestar Social** e en colaboración coa **Concellaría de Medio Ambiente**, organizouse no mes de xullo un **campamento de verán no Botánico de**

Montealegre, no que participaron un cento de nenos e nenas (os datos non están desagregados por sexo/xénero) de familias usuarias dos servizos sociais municipais (unidades de intervención social e clases de reforzo educativo). O campamento, que outros anos se realizaba durante 10 días na costa, en Porto do Son, trasladouse este ano á cidade por mor da crise sanitaria, concretamente ao Botánico de Montealegre, para aproveitar os extraordinarios atractivos que presenta este espazo municipal para a realización de actividades medioambientais e de lecer ao ar libre; asemade para poñer en valor entre a cidadanía este recurso natural.

– Desde **Educación** consolídase a oferta de actividades de dinamización educativa en verán, Semana Santa e Nadal. Participaron un total de 883 menores (os datos non están desagregados por sexo/xénero).

Medida 15. Idear e propor fórmulas (teleformación, titorías a través de Skype cos móbiles/ordenadores, presentación de traballos...) que fagan compatible os horarios dos cursos de formación coas responsabilidades no coidado de persoas anciás ou menores e cos horarios dos transportes públicos, sobre todo no perímetro rural de Ourense.

-Este ano, debido a COVID-19, as fórmulas de teletraballo e formación online despuntaron. Deste xeito, a finais do 2020 chegouse a un **Acordo global sobre o proxecto de Ordenanza do teletraballo no Concello**, co cal se deu por pechada a negociación cos sindicatos neste ámbito. Porén, aínda está pendente dos trámites oportunos e a súa definitiva aprobación. O acordo da mesa de negociación ten unha especial relevancia, non só polo teletraballo en si, senón tamén pola importancia que este pode ter de cara á modernización do funcionamento da propia administración municipal. Isto é, para comezar a traballar doutro xeito, non só en canto á utilización intensiva de medios tecnolóxicos, senón no que conerne ás medidas de fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

-O mencionado **novo Centro de Intelixencia Artificial** botou a andar co reto de achegar beneficios socioeconómicos á cidade e á súa contorna, como centro tecnolóxico de excelencia enfocado a aplicacións viables da intelixencia artificial no mundo real. Como xa comentamos, bótase a faltar unha perspectiva global e transversal de xénero, tanto na súa filosofía como no seu papel híbrido, nos impactos agardados, nos colaboradores, etc. De non ser así, o agardado é que o impacto de xénero sexa negativo, o cal convertirá os nenos, mozos e homes na meirande parte de usuarios e beneficiarios directos, agrandándose aínda máis a **fenda ditixital de xénero** entre mulleres e homes. Por iso valoramos que **urxe unha reconsideración do mesmo** e minimizar este impacto negativo de xénero dun recurso público.

Medida 16. Revitalizar o papel do pequeno comercio de proximidade como elemento facilitador da harmonización dos usos dos tempos e de creación de postos de traballo (asalariado ou autoemprego) en sectores e perfís que acostuman cubrir xeralmente as mulleres.

-En colaboración coa Confederación de Empresarial de Ourense (CEO) e a súa presidenta, M^a Sol Novoa Rodríguez, presentouse o Proxecto de **Marketplace** para apoiar a **venda online** do comercio da cidade, entre o cal hai moitas pequenas empresas en mans de mulleres autónomas.

-Dado os peches e restricións de horarios comerciais por mor da pandemia, nos momentos de reapertura leváronse a cabo **campañas de apoio ao comercio local**, onde hai un número importante de mulleres autónomas. Destacamos o labor do Gabinete de Prensa, que na campaña de promoción fixo dúas versións de carteis (empresariado masculino e feminino) para visibilizar así as mulleres como emprendedoras, pero tamén como parte do sector do empresariado afectado pola crise.



Concello de
OURENSE

**PENSA GLOBAL
ACTÚA LOCAL**

O comercio ourensán reabre as súas portas para ofrecernos a súa *calidade, experiencia e proximidade*.

Achegan postos de traballo fundamentais para a recuperación socioeconómica da nosa cidade.

**MÉRCALLE
Á MARÍA**
O COMERCIO LOCAL DALLE VIDA A TUA CIDADE

ÁREA 10. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO USO DO ESPAZO PÚBLICO, NA PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA, NA MOBILIDADE E NO MEDIOAMBIENTE

Total de medidas comprometidas: **10**

OBXECTIVO 10

Promover a igualdade entre mulleres e homes nos diferentes usos do espazo público, no planificación urbanística, na mobilidade e no medio ambiente.

Medida 1. Reimpulsar a visibilización e posta en valor da contribución das mulleres á historia a través da asignación de nomes de mulleres ou de efemérides relacionadas coa igualdade nos novos edificios e dotacións públicas (centros diversos, bibliotecas, salas, etc.) e nas rúas e prazas da cidade (presentando propostas de novas fillas ilustres da cidade) para que entren a formar parte do plan urbanístico de Ourense e divulgar así o seu coñecemento.

-O novo Plan de obras “**+RURAL**”, que abrangue o perímetro rural de Ourense, supón actuacións de conservación ou mellora de vías, parques e espazos de lecer; asemade a humanización e rehabilitación nos núcleos rurais. Destacamos entre estas actuacións a **rehabilitación dos lavadoiros**, que aínda que hoxe xa están fóra de uso, son espazos mois significativos na visibilización do traballo e do papel das mulleres ao longo da historia, tanto polo seu peso na contribución á economía doméstica como local, pois moitas delas mesmo traballaban lavando e pasando o ferro para outras casas, facendo diso un oficio.

-Pola súa banda, a **Concellería de Igualdade**, como se sinalou noutro apartado, está a elaborar un material video-bibliográfico coas propostas achegadas pola cidadanía ourensá a raíz da convocatoria municipal de 2017 do proceso de participación veciñal para a presentación de propostas de mulleres relevantes coas que nomear as prazas e rúas do Concello de Ourense, que se prevé estea editado no ano 2021.

Medida 2. Nos novos planeamentos urbanísticos, dotacións e infraestruturas, incorporar especificamente un apartado onde se recolla a avaliación do impacto de xénero, contando coa participación do CIMM-Concellería de Igualdade e do Consello Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.

-En primeiro lugar, **cómpre destacar en negativo que non se teñen en conta para nada as suxestións que se podan facer desde CIMM-Concellería de Igualdade nin desde o Consello Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes**. Nin sequera se lles invita a participar ou a realizar algún tipo de aportación neste ámbito, a pesar de que o mesmo III Plan de Promoción da Equidade de Xénero si ten moi en conta o traballo que se poda desenvolver desde esta concellaría, á que lle adica unha das súas áreas. Non se dá, pois, a necesaria colaboración ou reciprocidade que debería existir neste apartado entre ambas as dúas concellarías, ou ben ca cidadanía a través dun órgano de participación social como é co Consello Municipal da Igualdade.

-Sería moi importante vixiar que no **“Concurso de ideas para a posta en valor das marxes do río Miño ao seu paso pola cidade”**, que se promoveu no verán, se incorporen criterios de igualdade. Tal e como sinalou a decana do COAG, Elena Ampudia, “este concurso de ideas, redactado polo COAG, deberalle garantir unha accesibilidade cómoda á cidadanía”, xa que “actualmente non hai continuidade para a circulación dos peóns, no que se refire á arquitectura, pavimentos ou iluminación”, e ademais “terase que respectar urbanisticamente a normativa e os proxectos en marcha, tales como o PXOM”. Neste, lembramos, recóllese a pertinencia de facer unha avaliación previa do posible **impacto de xénero**, se ben os proxectos de humanización e peonalización levan implícito un impacto de xénero positivo no seu plantexamento.

-Desde a **Concellería de Medio Ambiente**, informan de que nas novas planificacións urbanísticas de zonas verdes e de esparcemento na cidade teñen en conta previamente o **impacto de xénero**. É así, por exemplo, na nova construción dunha zona de calistenia (actividades deportivas ao ar libre) en Angelita Paradela (Barrocás). Cando houbo que **escoller as cores do caucho** continuo do chán sobre o que se colocarán os elementos de práctica deste deporte, tívose en conta que este tipo de actividades son practicadas maioritariamente por homes, e por iso pensouse en escoller a cor rosada para fomentar a ruptura de estereotipos de xénero.

-Este ano, desde Urbanismo, levouse a cabo a **humanización e mellora da accesibilidade de determinados espazos públicos**, como a rúa Arias Páez, na Milagrosa, e anunciouse a futura remodelación e humanización da contorna do pavillón de Oira.

-Tamén destacamos que desde **Urbanismo**, na Memoria do Plan Xeral de Ordenación Municipal e na Memoria de Ordenación, observase que, na relación da equipa redactora, téñense nomeado correctamente os postos, empregado unha **linguaxe non sexista** (arquitecta-urbanista, administrativa, técnica...). Asemade, incluíse (como marca a lexislación) a **perspectiva de xénero** no propio plan (*D.5.5. Normativa urbanística. Lexislación sectorial*). En síntese, podemos sinalar que esta se tivo en conta sobre todo no referido a:

- O propio proceso de Información Pública do Plan, con publicación en varios medios de comunicación, boletíns oficiais e redes de telecomunicación; coa posibilidade de acceso aos documentos en formato papel ou dixital. Contou cunha participación masiva na que foron planteadas 5.755 alegacións por parte de mulleres e homes, e diversos colectivos.
- Incluíndo a variable de sexo nos datos estatísticos preliminares do diagnóstico (poboación, desemprego).
- Inclusión de criterios de seguridade e accesibilidade, especialmente peonil.
- Espazos que favorezan o encontro, a socialización e as relacións interxeracionais.
- Procura da multifuncionalidade da trama urbana que evite a segregación, procurando a diversidade social e de atención a todos os colectivos como criterio inclusivo básico.
- Oferta axeitada de vivenda, medidas sobre vivendas baleiras.
- Reserva de solo para vivendas de protección pública, para colectivos con menos recursos, familias monoparentais, mulleres en risco...

- Áreas para dotacións de equipamentos de proximidade, garderías, atención á terceira idade, centros asistenciais a colectivos en risco de exclusión.
- Nos polígonos de solo urbano non consolidado, os PERIS e os Plans Especiais de Protección de solos urbanos, ter en conta a perspectiva de xénero.
- As pezas de nova urbanización plantéxanse como espazos nos que prima a diversidade de usos, a creación de novas dotacións, de zonas verdes e espazos libres de servizo próximo, pero tamén de conexión co resto da trama da cidade.
- Formalización de beirarrúas máis anchas e, nas principais vías, inclúen beirarrúas superiores a 2 m de ancho en todos os casos-ou no seu defecto, vías mixtas de pavimento continuo e inclusión de carril-bici.
- Defínense as dimensións mínimas dos vóos dos edificios, e dos soportais para non xerar espazos escuros, sucios ou perigosos.
- Regúlanse cuestións relativas á pavimentación dos espazos públicos para mellorar a circulación de peóns, áreas estanciais, ... con pavimentos que garantan a seguridade sen que supoñan risco por engancho do calzado.
- Regúlanse as condicións de iluminación pública, tanto desde o punto de vista de garantir a regularidade, como da eficiencia enerxética.
- Defínense condicións de iluminación e equipamento mínimas das áreas axardinadas para garantir a implantación de espazos estanciais de calidade e ben dotados, minimizando áreas perigosas, escuras,

Medida 3. Promover e potenciar a creación de salas de aleitamento e de cambio de cueiros en edificios públicos significativamente frecuentados por unidades familiares (deportivos, centros médicos, bibliotecas, centro cívicos e culturais, Teatro Principal, Auditorio...) e dotar destas infraestruturas a toda nova dotación municipal.

-Non se ten información.

Medida 4. Seguir reforzando a importancia dunha maior implicación dos homes no coidado e respecto ao medio ambiente (reciclaxe nos postos de traballo, medidas preventivas na queima de restrollos, recollida de defecacións animais, uso de papeleiras urbanas, uso axeitado dos sinais acústicos dos vehículos a motor, promover un maior uso do transporte colectivo, etc.) con mensaxes visuais ou escritas dirixidas especificamente a homes de diversas idades e en diversos contextos (no fogar, no traballo, na estrada, na rúa, no campo, nos ámbitos de lecer e deportivos...).

-Desde **Medio ambiente**, levaron a cabo unha campaña de **reciclaxe do aceite doméstico** que foi protagonizada só por homes e que se desenvolveu nas aforas da Praza de abastos.

Mandiles y embudos para reciclar el aceite de la cocina



Mandiles y embudos para reciclar el aceite de la cocina | IÑAKI OSORIO

Medida 5. Concienciar e implicar máis aos homes na reciclaxe do fogar e na importancia de non malgastar enerxía (usos axeitados das caldeiras, aire acondicionado, luz, auga, elementos en *stand-by*...).

-Podemos rescatar a mencionada campaña de reciclaxe do aceite doméstico, e tamén mencionar que, desde **Medioambiente**, seguen incorporando criterios de igualdade no deseño das súas campañas de difusión e concienciación, vixiando o tipo de imaxes empregadas nas diversas iconografías e apostando asemade polas diversidades en xeral.

Medida 6. En posibles modificacións dos trazados das liñas de transporte urbano, contar coa participación e opinións do CIMM-Concellería e Igualdade e do Consello Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.

-Non se ten información.

Medida 7. Pór en marcha carrís bici que garantan o equilibrio de espazos e práctica deportiva e desprazamentos sen invadir os espazos peonís.

-Xa feita en anos anteriores de vixencia deste Plan.

Medida 8. Facer incidencia, por parte de ciclistas, no respecto das beira-rúas, sendeiros, parques públicos e zonas para viandantes, así como no cumprimento dos límites de velocidade no carril bici e o uso axeitado dos sinais acústicos nos adiantamentos. Incidir, igualmente, na non invasión do carril bici por parte das e dos viandantes.

-Xa feitas campañas de concienciación en anos anteriores de vixencia deste Plan.

Medida 9. Vixiar estritamente o cumprimento da normativa sobre mobiliario urbano nos espazos públicos (maceteiros, bancos, sinalización vertical...) e naqueles de uso autorizado para establecementos privados (veladores de bares e restaurantes, carteis publicitarios, aglomeracións en torno a cinceiros, macetas, etc.) garantindo que non impidan ou obstaculicen o tránsito das persoas, en especial aquelas que teñan mobilidade reducida (cadeiras de rodas, coches de bebés, carros da compra, andadores...) nin o de automóbiles de servizos públicos (ambulancias, bombeiros, taxis, etc.).

-O Concello de Ourense deu por **rematada a concesión de explotación de mobiliario urbano publicitario (mupis)** e eliminará as máis de 120 pezas que se atopan instaladas nas rúas, parques e prazas da cidade. O pasado sábado 21 de novembro rematou a concesión outorgada en 2016 a unha empresa para explotar publicitariamente estes elementos. O Concello, tal e como anunciara o alcalde no mes de maio, non a renovará por considerar que as pezas de publicidade en papel e pantallas dixitais producían unha **“gran barreira arquitectónica”**. Estas impiden gozar do espazo público da cidade, non só polo que ocupan fisicamente, senón tamén o da súa contorna: obrigan as persoas que camiñan pola rúa a ter que rodealos e desviarse dos seus itinerarios. Tamén producen “contaminación visual, xa que obstaculizan a visión dos escaparates dos comercios”, ademais do feísmo ao atoparse en rúas, parques e zonas verdes cuxa estética deterioraban”. No caso das pantallas dixitais, ocasionaban tamén perigos de seguridade viaria, xa que podían distraer a atención de condutoras/es.

Medida 10. Posicionarse publicamente e promover o rexeitamento ao acoso sexual e aos chamados micromachismos no entorno laboral do Concello, nas instalacións e dotacións públicas, nas festas locais, festivais, concertos, celebracións tumultuosas, no “botellón”, etc., sensibilizando contra o acoso e as agresións sexuais cara as mozas e mulleres en xeral.

-Non feita especificamente, pero no ano 2019, levouse a cabo o **“Diagnóstico do hábitat e da convivencia igualitaria na cidade de Ourense”**, completado cun proceso de observación participante; un “mapeo da cidade”, que consistiu nunha observación directa sobre o terreo, barrio por barrio, escoitando as inquedanzas de mulleres -entre estas, a inseguridade nas rúas.

ÁREA 11. PROMOCIÓN DUNHA LINGUAXE E IMAXES NON SEXISTAS

Total de medidas comprometidas: 8

OBXECTIVO 11

Promover a igualdade entre mulleres e homes mediante o emprego dunha linguaxe escrita, oral e visual non sexista, inclusiva e respectuosa coas diversidades de xénero.

Medida 1. Informar e concienciar do impacto que exerce o emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva no avance en equidade de xénero, dotando de argumentos na súa defensa contra as resistencias ao cambio e enmarcándoa na lexislación vixente en materia de igualdade. Neste sentido, incidir na diferenza do uso particular que o persoal municipal poida facer no seus tempos e espazos persoais do uso público no desempeño das súas funcións, que se debe rexer pola lexislación vixente.

-Nas actividades preparatorias de **seguimento do propio III Plan** na procura de información a través da páxina web do concello sobre programas, actividades desenvolvidas, consulta de formularios empregados, etc. cando se detectan contidos que aínda non empregan unha linguaxe inclusiva, cando se fai o contacto coa concellaría para o seguimento do plan coméntase este aspecto, mais segue a haber escasos avances nesta medida.

Medida 2. Diseñar unha cláusula común para todo o Concello que trate a importancia, significación, conveniencia e obriga de empregar unha linguaxe escrita e visual non sexista e inclusiva, e levar a súa aprobación a Pleno municipal. Esta cláusula deberá ser incluída e empregada en todos os contratos, convenios ou colaboracións que se establezan co Concello.

-Non feita. Con todo, observamos que se avanzou algo (con maior ou menor acerto) no emprego da linguaxe escrita e visual pola meirande parte das concellarías, sobre de todo no referido a linguaxe escrita.

Medida 3. Avanzar no uso normalizado dunha linguaxe escrita non sexista e inclusiva, reforzando e divulgando os servizos prestados polo departamento municipal de Normalización Lingüística nestas cuestións, así como polo CIMM-Concellaría de Igualdade.

-Esta medida pódese dicir que está asumida e interiorizada no proceder do persoal da Concellaría de Igualdade, como é lóxico. E, se ben noutros casos comeza a estenderse o seu uso, este adoita proceder da iniciativa persoal, máis que dunha dinámica habitual da concellaría ou servizo en cuestión. Aínda son destacables os avances, por orde alfabética, nas seguintes concellarías/servizos: Educación, Medio Ambiente, Normalización Lingüística, Prensa, Saúde, e Servizos Sociais.

Destacamos que o **Servizo de Comunicación/Prensa**, que é o encargado de desenvolver a comunicación institucional do Concello de Ourense, xoga un papel fundamental nestes eido. Isto débese a que elabora as mensaxes que esta institución divulga a través dos seus propios medios (páxina web e redes sociais), e doutros medios como: prensa escrita, radio, medios audiovisuais ou dixitais... En aplicación ao disposto no Plan, informan de que utilizan unha linguaxe non sexista e inclusiva nos materiais que elaboran. Desde este servizo coidan que

“é unha achega modesta pero útil, xa que permite avanzar na incorporación e normalización dunha linguaxe máis xusta na comunicación social da nosa institución e na súa relación co conxunto da cidadanía. E axudamos así a facela máis habitual na información municipal, tanto na que nós xeramos directamente como na que xeran despois as persoas que reciben as nosas mensaxes: os medios de comunicación e a cidadanía. Facemos o propio nas creatividadeas publicitarias que elaboramos. Sempre que realizamos unha campaña, marcámonos como un dos obxectivos que estas sirvan de axuda ao desenvolvemento da filosofía do plan.” De feito pode dicirse que é case o único servizo que pide colaboración e asesoramento á Concellaría de Igualdade-CIMM neste aspecto.

-Desde **Medio Ambiente**, nos carteis publicitarios das actividades de educación ambiental levadas a cabo en xaneiro de 2020 no Parque de Montealegre, seleccionaron imaxes de homes e pais xogando con nenas e nenos, amosando tamén a diversidade de roles de xénero e familias.



Medida 4. Seguir divulgando o *“Libro de estilo. Modelos e recursos”* editado polo servizo de Normalización Lingüística do Concello (accesible na web municipal), que contén un capítulo adicado á linguaxe non sexista.

En xeral, este servizo está activo a través da lista de correo municipal, e asesora os sobre usos da lingua galega e sobre linguaxe inclusiva ao persoal das diversas concellarías. Mantén coa Concellaría de Igualdade-CIMM una estreita colaboración na edición de materiais diversos.

Medida 5. Cada concellería deberá ir revisando e modificando a súa documentación (impresos comúns, instancias, modelos de solicitudes ou de subvencións, concursos, informes...) para garantir o emprego dunha linguaxe non sexista.

-Salvo a Concellaría de Igualdade que, como é lóxico, emprega dun xeito sistemático unha linguaxe inclusiva tanto nas súas comunicacións orais como escritas, pódese dicir (en termos xerais) que a adhesión a un uso non sexista e inclusivo da linguaxe é paulatina. Así, por exemplo:

- Por parte de **Medio Ambiente**, obsérvase que xa se ten incorporado na publicidade externa e convocatorias de dita concellería o uso dunha linguaxe escrita e visual inclusiva e non sexista.

- Desde **Educación**, na oferta de actividades formativas da Universidade Popular, obsérvase un esforzo polo uso dunha **linguaxe inclusiva**. Con todo, podería mellorarse. Tamén hai un emprego acertado, por exemplo, nas “Bases reguladoras para a concesión de axudas en especie para adquisición de libros de texto e material escolar e para comedores escolares do Concello”.
 - Desde **Benestar Social** atopamos un bo uso nas “Bases xerais reguladoras de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais do Concello de Ourense, do 2020”.
 - Tamén se observa un bo uso xeral da linguaxe non sexista na web da **Área Promoción do Benestar Social en Igualdade**. Por exemplo: *“unidades de convivencia; para niñas y niños; para personas mayores; espacios de encuentro de madres y padres”*. Porén, non sempre se cumpre a norma, pois tamén atopamos: *La Semana de los Mayores, los usuarios (Programa de Valoración, Orientación e Información), etc.*
 - Tamén identificamos convocatorias nas que se fai un esforzo por empregar unha linguaxe sexista e non inclusiva, pero dun xeito irregular. Isto é, na propia convocatoria aínda se observan bastantes usos non inclusivos, xunto con outros inclusivos. Sirvan de exemplo: *“Aprobación da convocatoria de solicitudes e bases específicas reguladoras da elaboración de listados de Conserxes de Edificios Municipales destinados a Centros Educativos do Concello de Ourense”*, onde atopamos aínda usos sexistas como:
 - Interesados na selección.
 - Requisitos dos aspirantes.
 - Ser español.
 - Traballadores.
- Por outra banda, tamén atopamos un uso inclusivo:
- Funcionariado.
 - Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.
 - Presidente/a:
 - Secretario/a:
 - Os/as implicados/as.

-Asemade, bótase en falta na mencionada convocatoria a inclusión de criterios de igualdade, como podería ser a valoración, no apartado de formación, de cursos de igualdade pertinentes ao labor a desempeñar, como os de linguaxe non sexista.

-Outro exemplo da **falta de inclusión da variable de sexo** na documentación básica é o formulario de inscrición nos locais de ensaio do **“Espazo Lusquiños da Mocidade”**, que están totalmente equipados e no que participan un total de 10 bandas e 2 solistas da cidade de diferentes estilos musicais. No impreso de solicitude, no referente a datos persoais de solicitantes (idade, e-mail, instrumento, etc.) non aparece rexistrada a variable sexo/xénero. Por tanto, no caso de querer saber con exactitude a quen se está a chegar máis, quen se beneficia máis deste recurso, que instrumento empregan máis as mozas ou os mozos, etc., este cómputo tería que facerse dun xeito manual. Malia todo, recibimos información de que a participación de bandas e solistas segue a ser máis unha actividade de mozos que de mozas.

Medida 6. Recoñecer publicamente e con carácter anual o esforzo e o avance dunha área ou departamento que avanza e mellorase na aplicación dunha linguaxe non sexista e inclusiva.

-Non se realizou, unicamente as informacións recollidas nos informes de seguimento e avaliación destes anos. Destacamos os avances nas áreas de Medio Ambiente, Prensa, Educación e Servizos Sociais.

Medida 7. Non facer un uso dos corpos e imaxes de mulleres como reclamos publicitarios nas campañas, folletos, carteis e imaxes en xeral que se poidan editar/usar desde o Concello (a non ser que a finalidade sexa a visibilización das mulleres nunha actividade concreta onde están subrepresentadas).

-Cabe destacar a interiorización desta medida desde o **Gabinete de Prensa**, onde as imaxes de mulleres e homes son empregadas dun xeito respetuoso, e incidindo na visibilización das mulleres. Este ano, por exemplo, leváronse a cabo dúas campañas (unha de **apoyo ao comercio local** após da súa reapertura por mor da pandemia, e outra sobre as axudas para **personas autónomas**) para as que se ecolleron varias imaxes de persoas/comerciantes e autónomas, mulleres e homes de diferentes idades. Foron emitidas en prensa escrita, radio local e a través de medios dixitais e na propia páxina web municipal.

-**En Deportes** obsérvase o aumento progresivo do emprego dunha linguaxe escrita non sexista e inclusiva. Con todo, en ocasións podería mellorarse a redacción e evitar o uso das barras as/os. Tamén se recomenda a revisión da linguaxe empregada nas “Bases para a concesión de bolsas a deportistas individuais”.

-Paralelamente, comprobamos o aumento progresivo do emprego **dunha linguaxe visual** non sexista, que non reproduce estereotipos, e que anima visualmente a participar ás mulleres (polo xeral, infrarrepresentadas nos eventos deportivos). As imaxes son tamén inclusivas e integradoras da diversidade, como por exemplo nos carteis das programadas-aínda que finalmente canceladas- Carreiras de San Martiño do ano 2020, ou da oferta de actividades para o ano 2020. Porén, coma xa sinalamos, a meirande parte das actividades non se puideron realizar.



-A Concellería de **Educación** organizou durante o período de confinamento o I Certame Literario “Sementeiro de historias: a corentena 2020”, para o alumnado dos centros educativos da cidade de Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Medios e Superiores. O obxectivo era que o alumnado relatase as experiencias vividas nesta etapa, historias reais ou ficticias, en prosa ou verso. Para promocionar o certame, empregouse a imaxe dun neno, procurando así rachar os estereotipos de xénero que identifican a literatura, a prosa e o verso máis cos contidos do rol de xénero feminino.



ÁREA 12. PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS DE XÉNERO

Total de medidas comprometidas: **16**

OBXECTIVO XERAL 12

Garantir unha atención integral ás mulleres (e persoas dependentes delas) que viron vulnerados os seus dereitos por mor da violencia machista e/ou especificamente a causa do tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual (TSH- FES), de cara á restitución plena dos seus dereitos.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 12. 1.

Concienciar a cidadanía e fortalecer o traballo en rede con todos os axentes implicados nas violencias de xénero e no tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual.

Medida 1. Concienciar a toda a cidadanía sobre as desigualdades de xénero que alimentan e nutren as violencias de xénero, así como da importancia de traballar cara sociedades máis igualitarias en todos os ámbitos da vida (laboral, salarial, tecnolóxico, educativo, social, cultural, sanitario, deportivo, xudicial, policial, familiar, relixioso...), desmitificando os falsos estereotipos de perfís de vítimas e maltratadores.

-No mes de xaneiro, a Concellería de Igualdade a través do Centro de Información Municipal para a Muller (CIMM), organizou o obradoiro **'Iguale a nós'**. Tratouse dunha actividade gratuíta e aberta que buscaba mellorar a calidade de vida das mulleres a través da promoción e sensibilización na educación en igualdade e da prevención da violencia de xénero. Con esta actividade quérese tamén sensibilizar e concienciar as persoas para a ruptura dos estereotipos de xénero, especialmente a través do uso das novas tecnoloxías como ferramenta de comunicación e formación. A idea é a de “fomentar a participación social e o encontro entre mulleres como mecanismo de mellora da autoestima persoal e grupal”. Como eixo vertebrador empregáronse as **novas tecnoloxías**, especialmente o uso do móbil, reforzando o aprendido na actividade a través dunha performance contra a violencia de xénero.

Medida 2. Divulgar a magnitude do problema das violencias de xénero en Ourense.

-Desde o CIMM informan de que este ano, por mor da pandemia, suprimiuse o programa en torno ao día **25 novembro** Día Internacional da Eliminación da violencia contra as mulleres. Así entre as actividades de divulgación levadas a cabo recolleemos:

- A entrega do **XIV Premio Clara Campoamor** á Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.
- Acto institucional un acto simbólico na porta do Concello coa lectura do Manifesto da FEMP.

25 Novembro 2020



Medida 3. Seguir a concienciar sobre o problema das violencias con campañas e actos conmemorativos en torno ao 25 de novembro Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, o 23 de setembro Día Mundial contra a explotación sexual e a trata de seres humanos e o 18 de outubro Día europeo contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, implicando a toda a corporación municipal.

-Como xa sinalamos, a meirande parte dos programas e actos foron reducidos ou suspendidos por mor da pandemia. Con todo, si se chegaron a celebrar algúns, como os correspondentes aos días 4 (Acto institucional e entrega do XIV Premio Clara Campoamor á Igualdade de Oportunidades), 8 (Carreira pola Igualdade e a Diversidade “Son libre para correr” e Partido de fútbol amistoso) e 9 de marzo (Proxección de *A ola verde. Qué sexa Lei!*, potente documental sobre a loita política liderada polas feministas arxentinas para conseguir que o dereito ao aborto sexa hoxe en día unha realidade nese país).

08 MARZO 2020 DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES

04 MARZO
Acto institucional
Hora: ás 12.00
Lugar: Salón de Plenos do Concello

Acto de entrega do XIV Premio Clara Campoamor á Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
Hora: ás 20.30
Lugar: Liceo de Ourense

08 MARZO
Partido de fútbol amistoso “Pola igualdade real entre mulleres e homes” entre C.D. Rosalía e Mulleres de Ourense. Organizado en colaboración coa Excm. Deputación de Ourense, o Consello Municipal de Deportes, a Escola de Fútbol Feminino Rosalía e Mulleres de Ourense
Hora: ás 10.00
Lugar: Pavillón dos Remedios
Billeteira: 5 € (Venda de entradas nas oficinas dos grupos políticos do Concello de Ourense e da Deputación Provincial)

Carreira pola igualdade e diversidade “ Son libre para correr”
Coorganizada co Consello Municipal de Deportes e Club RunMañak Box 001 Ourense
Hora: ás 11.00
Inicio: Saída e meta na Praza Maior

09 MARZO
Cine: *A ola verde (Que sexa lei)* (2019, Arxentina; dir. Juan D. Solanas, Premio TVE “Otra mirada” no Festival de San Sebastián). Actividade coorganizada co Cineclub Padre Feijóo.

Sinopse: Cada día morre unha muller na Arxentina debido aos abortos clandestinos. ‘Que sexa lei’ conta a loita para terminar con esta deficiencia legal. En 2018, debateuse un proxecto de lei de aborto legal que dividiu o país. Despois dunha vitoria na Cámara de Deputados, pero antes do voto definitivo no Senado, o documental reflicte a batalla decisiva, con testemuños de vítimas e de mulleres que lideraron esta loita.

Hora: ás 20.30 e ás 23.00
Lugar: Cineclub Padre Feijóo (rúa Concello, 11)

Medida 4. Levar a cabo formacións e actualizacións en materia de violencias de xénero para profesionais dos diversos sectores implicados directa ou indirectamente nas mesmas, para habilitalos nas competencias necesarias no manexo de indicadores de detección, levar a cabo entrevistas exploratorias, comprender o carácter cíclico da violencia, identificar as súas diferentes manifestacións, coñecer protocolos de actuación, os recursos de asesoramento sobre dereitos das mulleres e as obrigas que sinalan as diferentes lexislacións, etc.

-Non feita no 2020 por mor da COVID-19.

Medida 5. Fortalecer a coordinación entre as administracións e os axentes públicos e privados implicados nas violencias de xénero (Concello, Deputación, Xunta, Corpos e Forzas de Seguridade, Colexio de avogacía, Fiscalía, Xulgados...) e na trata de seres humanos con fins de explotación sexual, impulsando a Comisión de Investigación e seguimento da Violencia exercida contra as mulleres.

-O xurado do Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades reuniuse nas dependencias da Concellaría de Igualdade para examinar as propostas presentadas e os méritos aducidos das persoas e institucións merecedoras do premio. Estivo formado por: Eugenia Díaz Abella, concelleira de Igualdade; M^a Elena De Jesús Rodríguez, directora do Centro de Información Municipal ás Mulleres (CIMM); María Cabanelas, en representación do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes; Nora Sola, en representación do ámbito sociocultural; Ramón Salvador Álvarez, en representación da Comisión de Investigación e Seguemento da violencia exercida contra as mulleres; e M^a Jesús Vázquez Fernández, xefa de negociado da Concellaría de Igualdade, que actuou como secretaria. Ademais de recoñecer os méritos da *Primeira concelleira de Igualdade* do Concello de Ourense, M.^a Antonia Rilo Veiga, o Xurado decidiu outorgar o Premio *ex aequo* á **Rede Galega contra a Trata** polo seu intenso labor e por ser un instrumento de intervención, coordinación e sensibilización dos axentes implicados nesta grave vulneración dos dereitos humanos. Asemade, trátase unha plataforma asamblearia de denuncia e incidencia na loita contra a trata de persoas, principalmente con fins de explotación sexual e laboral e que afecta maioritariamente a mulleres, nenas e nenos.

Medida 6. Divulgar guías de recursos sobre violencias de xénero e protocolos de actuación.

-Seguen a difundirse, a través da páxina web e tamén de material impreso, o **Protocolo de actuación e directorio de recursos ante as violencias de xénero** e o manual **En Ourense sementamos igualdade**. Este último ofrece ampla información para previr as violencias de xénero, e inclúe ao final unha guía de recursos e servizos aos que recorrer en caso de atoparse nesas situacións.

-Tamén desde a Concellaría de Igualdade-CIMM repartíronse **dípticos** informativos sobre as violencias de xénero e os recursos e servizos existentes na comunidade.

OBXECTIVO 12. 2.

Reforzar os servizos para garantir a atención integral e especializada ás mulleres que viron vulnerados os seus dereitos por mor das violencias de xénero ou da trata de seres humanos con

fins de explotación sexual, traballando desde a atención especializada co obxectivo final de facilitar o acceso normalizado aos recursos xeneralistas públicos.

-Segue a manifestarse un grave déficit de persoal no CIMM para a atención integral ás vítimas das violencias de xénero (mulleres e menores). Continúa sen dotarse o posto de educadora social, pese a saír a convocatoria en marzo de 2019.

- Entre xullo e decembro de 2019, a Concellaría de Igualdade contratou os servizos de Xeración Coop para levar a cabo o **Programa de Mediadoras comunitarias en violencias de xénero**. O obxectivo perseguido foi a creación dun grupo de mulleres superviventes de situacións de violencia de xénero para, tras a súa adecuada formación, constituirse despois en referentes clave nos barrios para mulleres en situación de risco ou que atravesan por esta problemática xa, e desenvolver funcións de mediadoras comunitarias en violencias de xénero. Pretendíase tamén que este grupo de superviventes se constituíse en asociación, o cal non chegou a materializarse (entre outras razóns por ser familias monomarentais sen axudas para a conciliación). Porén, sería moi recomendable apoiar e dar continuidade a este tipo de programas para reforzar as intervencións desenvolvidas desde os distintos servizos públicos con competencias na materia e, sobre todo, para empoderar e crear tecido social coas mulleres.

Medidas 12. 2. 1. Reforzar a autoidentificación por parte de mulleres e de homes das posibles situacións de violencia de xénero na que se poidan ver envoltas, elas como vítimas e eles como maltratadores.

-Na memoria do Fogar do Transeúnte podemos observar a identificación por parte do persoal de mulleres vítimas de violencia de xénero nas que se dan, a súa vez, outra serie de interseccións (carencia de recursos económicos, desemprego de longa duración, baixa cualificación profesional....).

- No SMAFF informan tamén da detección de situacións de violencia de xénero nas familias que atenden, derivando as mulleres ao CIMM cando as mulleres así o deciden.

Servizo Municipal de apoio ás familias con fillos/as

O servizo SMaFF ofrece atención psicolóxica individualizada e inclúe:

O SMaFF orienta, asesora, media e deriva se é necesario a familias con fillos/as que se atopan ante situacións puntuais de conduta que poidan afectar ao benestar e ao equilibrio psicosocial do grupo ao que pertencen.

SMaFF

Rúa Rúa Vasco da Ponte nº 1 Ourense T. 988 51 06 22

Concello de OURENSE Sanidade

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Medida 12. 2. 2. Garantir que a cidade de Ourense conte con pisos de transición ou saída para situacións de violencia.

-Segue ser habelos. Ademais, a Casa de acollida para mulleres en situacións de violencia de xénero segue sendo asumida na súa totalidade pola Secretaría Xeral de Igualdade desde agosto de 2018, momento desde o que o número de prazas **se reduciu de 15 a 10 prazas**.

Medida 12. 2. 3. Dotar de máis persoal o CIMM e os programas relacionados coa atención directa das mulleres que están vendo vulnerados os seus dereitos por mor das violencias de xénero, sinaladamente nos procesos de atención psicolóxica e social, garantindo unha atención integral, o acompañamento e a contención emocional que contribúan á recuperación do seu proxecto vital, e reforzando a súa toma de decisións ante a interposición de denuncias por violencias de xénero.

-A pesar de que o problema segue, e de que as mulleres pouco a pouco son máis conscientes da situación que viven e polo tanto se animan máis a denunciar ou a dar o paso para pórle fin a dita situación, e a pesar tamén da constante solicitude de axuda e de demanda de atención profesional por parte das vítimas e do persoal técnico que traballa directamente con elas, segue sen aumentarse a dotación de persoal do CIMM. **Nin sequera se cubriu o posto da educadora social, transcorridos xa cinco anos desde a xubilación da profesional que o ocupaba** e tras publicarse unha convocatoria en marzo de 2019 que se viu paralizado por erros no procedemento. Segue sen haber traballadora social e sen desligarse os postos de dirección e de psicóloga do CIMM, o que se traduce nunha merma do tempo adicado á atención psicolóxica ás mulleres coa conseguinte lista de agarda.

Medida 12. 2. 4. Fomentar a posta en marcha dun programa de acompañamento das vítimas de violencia de xénero (nas pequenas xestións administrativas, desprazamentos aos xulgados, servizos sociais, centros médicos ou outras xestións persoais que a muller poida demandar/necesitar), pero sen substituír a atención profesional cando esta é precisa.

-Funcionou o programa **Nexos de acompañamento**, atención e seguemento de mulleres e crianzas que atravesan por situacións de violencia en 2018 e 2019. Tamén se puxo en marcha, entre xullo e decembro de 2019, un **Programa de Mediadoras comunitarias en violencia de xénero** co obxectivo de crear un grupo de mulleres supervivintes de situacións de violencia de xénero para, tras a súa adecuada formación, constituirse despois en referentes clave nos barrios para detectar mulleres en situación de risco ou que atravesan por esta problemática xa e desenvolver funcións de mediadoras comunitarias en violencias de xénero. Como fin último perseguíase que este grupo de supervivintes se constituíse en asociación, o cal non chegou a materializarse (entre outras razóns por ser familias monomarentais sen axudas para a conciliación). Si se constituiron, porén, como grupo informal. O programa formativo correu a cargo de Xeración Coop e desenvolveuse entre xullo e decembro de 2019.

Coa irrupción da COVID-19 este tipo de programas quedaron en suspenso, se ben se estaba a tratar con Contratación a súa licitación por un período de 2 ou 3 anos, diante da demanda de este tipo de atención e a imposibilidade de ser levado a cabo polas dúas técnicas do CIMM.

Medida 12. 2. 5. Manter un seguimento individualizado das mulleres, así como das fillas e dos fillos e persoas maiores dela dependentes, nos momentos posteriores á interposición da denuncia e unha vez concluído o proceso xudicial, entendendo que os efectos das violencias non rematan cando hai un ditame xudicial. Paralelamente, reforzar a atención integral nos momentos e fase posterior dun xuízo rápido por causa de violencia de xénero.

-O número de denuncias diminuíu durante a pandemia (que non os casos/situacións, o cal se descoñece aínda hoxe).

-A Xunta de Galicia, non obstante, puxo en marcha dúas quendas (de psicoloxía e de traballo social) para atender as vítimas de violencia en sede policial. A Oficina de Atención ás Vítimas está en funcionamento dentro das dependencias xudiciais, prestando atención social e psicolóxica, así como os programas levados a cabo con menores desde a Fundación Meniños, financiados pola Secretaría Xeral de igualdade.

Como se comentou, a nivel municipal non se levaron a cabo en 2020 os programas de anos anteriores, como o **Nexos** ou o de **Mediadoras en Violencias de Xénero**. Con todo, desde o CIMM realizáronse no ano 2020 un total de 1898 consultas correspondentes a 156 mulleres atendidas, funcionando o servizo en todo momento, aínda que vía telefónica durante o confinamento (marzo-xuño) pola declaración do estado de alarma, ao non poder garantir as medidas preventivas necesarias para evitar a transmisión da COVID-19.

1 Asesoramento Xurídico	505
2 Atención psicolóxica	497
3 Atención vítimas de VX	885
4 Orientación Emprego	3
5 Información de cursos, xornadas e actividades	1
6 Información de recursos	7
7 Outra información	0
TOTAL	1898

Medida 12.3. 1. Concienciar, sinaladamente aos homes, sobre a realidade da trata de seres humanos con fins de explotación sexual que pode estar agachada baixo o gran paraugas da prostitución ou da chamada “industria do sexo”, incidindo na responsabilidade, a colaboración (consciente ou inconsciente) e o papel clave que xogan os homes consumidores de prostitución no mantemento das redes e clans de explotación e das situacións de escravitude sexual.

-Non se fixo nada específico este ano por mor da pandemia; si en anos previos.

Medida 12. 3. 2. Divulgar os principais indicadores de detección recollidos nos protocolos estatais, autonómicos e locais entre os principais axentes públicos e privados implicados.

-Non se fixo.

Medida 12. 3. 3. Colaborar e coordinarse cos axentes públicos e privados implicados na detección e atención integral de posibles mulleres vítimas de trata na cidade de Ourense, como ONG, Deputación, Xunta, Corpos e Forzas de Seguridade, Colexio de avogacía, Fiscalía, Xulgados, Centros médicos e hospitais, Servizos Sociais, etc.

-Faise todos os anos a través da Comisión de investigación e Seguemento da violencia exercida contra as mulleres. En 2020 non se convocaron reunións formais por mor da pandemia, pero os contactos entre os diversos axentes mantivéronse a nivel informal.

ÁREA 13. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NA SAÚDE

Total de medidas comprometidas: 11

OBXECTIVO 13

Promover a equidade de xénero nos programas de saúde do Concello, contribuíndo ao desenvolvemento de hábitos saudables que minimicen os factores de xénero na saúde, entendida dun xeito integral e holístico, dos homes e das mulleres.

Medida 1. Levar a cabo programas e charlas informativas sobre falsos mitos en torno á sexualidade de mulleres e homes, métodos anticonceptivos, as ITS, VIH/SIDA, o aborto, o embarazo, parto e post-parto, a especificidade da saúde e da incidencia de determinadas enfermidades nas mulleres (infartos, cancro...), as violencias de xénero, o estigma das persoas que exercen a prostitución, etc., dirixidas a toda a cidadanía ou a colectivos específicos.

-Desde o CIMM-Concellaría de Igualdade, durante os actos en torno ao 8 de marzo co-organizaron (xunto co Cinecuble Padre Feijóo) o pase da película arxentina “La ola verde. Que sea lei”, premio no Festival de Cine de San Sebastián. Este filme aborda a loita pola consecución do **dereito ao aborto** para as mozas e mulleres arxentinas, onde cada día morre unha muller polos abortos clandestinos.



-Desde esta mesma concellaría tamén se porá en marcha o próximo curso académico o Programa “**Apuntámonos ao BoTrato**”, que non se ouido implementar no curso 2020-2021 por mor da COVID-19. O programa vai dirixido ás familias, o profesorado e o alumnado de ensino secundario, en colaboración coas ANPAs e os centros educativos, para previr o acoso, as agresións sexuais e as violencias machistas en xeral entre os adolescentes. O programa inclúe unhas guías didacticas para traballar conxuntamente e de xeito sinérxico e continuado estes aspectos.

-O programa “**Sabes**” da Concellaría de Saúde, dirixida a mulleres en risco de exclusión social, fixo actividades neste senso ata que se decretou o estado de alarma.

Medida 2. Impulsar un estudo de hábitos nutricionais e de saúde que teña en conta os factores de xénero e onde se recollan e analicen os datos desagregados por sexo.

-Non se fixo.

Medida 3. Concienciar a poboación xeral, pero principalmente ao persoal sanitario, de servizos sociais, ao profesorado, a mocidade e ás familias, sobre a influencia das restricións normativas dos estereotipos de xénero que regulan e limitan a vida de mulleres e homes, as cales derivan en problemas como anorexia, bulimia, obesidade e vigorexia (vencellados á gordofobia imperante na sociedade) e a resolución violenta de conflitos, etc.

-A Concellaría de Saúde, desde o programa **“Vixía”**, dirixido ao alumnado de ESO e Bacharelato, abordou estes estereotipos sobre saúde e trastornos alimentarios ata a declaración do estado de alarma.

-Como se sinalou anteriormente, desde a Concellaría de Igualdade tamén se porá en marcha o próximo curso académico (por mor da COVID-19 non foi posible implementalo no curso 2020/21) o Programa **“Apuntámonos ao BoTrato”**, dirixido ás familias, o profesorado e o alumnado de ensino secundario (en colaboración coas ANPAs e os centros educativos) para previr o acoso, as agresións sexuais e as violencias machistas, en xeral, entre adolescentes.

Medida 4. Garantir que nos programas estables que se levan a cabo desde a Concellaría de Saúde (programación de teatro-debate, cinefórum, prevención de abuso de drogas e alcohol, etc.) sexan abordados contidos de saúde e xénero.

-As programacións de teatro e de cinema están inactivas desde a anterior lexislatura. Desde o programa **“Vixía”** nos centros de ensino, así como desde o ámbito familiar a través da **Escola de nais e pais** e o **Smaff** (servizo municipal de apoio a familias con fillas e fillos), si se abordaron aspectos preventivos do consumo de alcohol e outras drogas desde un enfoque de xénero.

-No proxecto **Tardes de Lecer**, que se leva a cabo no **Fogar do transeúnte**, desde Benestar Social en colaboración con Cruz Vermella-que é a entidade que o implementa-, incluíse unha actividade específica de xénero. O programa componse dun conxunto de actividades dirixidas á poboación sen fogar que ten como finalidade a atención directa a necesidades básicas, favorecer a socialización, ofertar un espazo de descanso e lecer, a motivación, as habilidades sociais e de comunicación, a integración social e unha posible derivación etc. As actividades van desde partidas de cartas, xogos de mesa, acceso a internet, cine, intercambio de libros, charlas e debates e obradoiros de temas variados (historia, dereitos, inmigración, recursos, procura de vivenda, educación, saúde,...) e, entre estas, houbo no ano 2019 unha actividade específica de **“obradoiro de perspectiva de xénero”**.

Se ben a meirande parte das persoas usuarias do Fogar do transeúnte son homes entre 40 e 60 anos (en torno ao 85%), e o uso do recurso que fan as mulleres é minoritario, podemos concluír que o éxito dos resultados indirectos acadado polas actividades entre as mulleres foi moi grande, segundo amosan os datos do ano 2019 (os que contamos á hora de elaborar este informe).

Resultados acadados coas persoas asistentes ás actividades de tarde		
Derivación a outra entidade (saída da situación de senfogarismo)	3 persoas	3 homes
Traslado con familiares	1 persoa	1 home
Acadar vivenda normalizada	16 persoas	10 homes e 6 mulleres
Consecución de emprego	2 persoas	1 home e 1 muller
Total	22 persoas	15 homes e 7 mulleres

Con todo, neste informe de seguimento faríamos de novo a **recomendación de que todos os datos de participación** que se inclúan no informe de Cruz Vermella **se presenten desagregados por sexo**, pois só se mostra esta desagregación nos datos finais dos resultados acadados.

Medida 5. Organizar andainas saudables para toda a poboación, pero principalmente para as mulleres maiores, e proseguir cos obradoiros de risoterapia, tai-chi, pilates, ioga, ximnasia de mantemento, autocoidados, autoestima, cursos varios especificamente enfocados a previr e/ou actuar sobre diversos aspectos que afectan de xeito diferencial á saúde das mulleres, etc.

-Realizáronse na medida do posible e mantivéronse algunhas destas actividades, organizadas por Deportes, Benestar social, Medio ambiente, e Educación. Na ampla programación ofertada pola **Universidade popular**, que conta cun total **140 cursos e obradoiros**, hai moitos deles relacionados directamente coa saúde. Con todo, aínda que non están dirixidos especificamente ás mulleres, son maioritariamente mulleres as que acoden a estes cursos, segundo nos informan.

-Desde Benestar Social, nas actividades que se levan a cabo nos diferentes **Centros Cívicos** da cidade inclúense na oferta habitual -xa como unha boa práctica- este tipo de actividades saudables, polo xeral máis atractivas para as mulleres, tanto por cuestións de xénero como fisiolóxicas. Entre estas destacamos: ximnasia abdominal hipopresiva, ximnasia de mantemento e ioga, entre outras. E por outra banda, tamén levan a cabo actividades en parella, nas que participan homes e mulleres, como danzas do mundo e bailes.

-As actividades que se viñan realizando desde a Concellaría de Saúde están inactivas desde a anterior lexislatura.

Medida 6. Levar a cabo actuacións específicas para previr os efectos nocivos dos “botellóns” e do consumo abusivo de alcohol na saúde, e as condutas agresivas e sexistas que as poden acompañar, sinaladamente no caso dos mozos.

-En xaneiro celebrouse a segunda reunión da Comisión de seguimento, constituída en novembro do 2019 por iniciativa da Concellaría de Saúde coa finalidade de aprobar a **Ordenanza que regule o consumo de alcohol nas rúas** de Ourense. Reuníronse os grupos políticos e o presidente da Federación de Asociacións Veciñais Limiar, para compilar as achegas ao texto da 'Ordenanza reguladora da convivencia cívica e a protección da saúde derivada do consumo, venda e publicidade do alcohol', a coñecida popularmente como “Ordenanza do botellón”. É **altamente recomendable que se faga mención específica ás cuestións de xénero unidas ao botellón** (sinaladamente no referido ao acoso e abusos

sexuais ás mozas). Porén, a Concellaría de Igualdade non foi invitada a participar nas xuntanzas desta comisión e nin sequera foi recabado un asesoramento neste senso.

Medida 7. Seguir desenvolvendo programas en torno á saúde materno-infantil (aleitamento, sexualidade durante o embarazo, concurso fotográfico sobre aleitamento, préstamo de extractores, sistemas de retención de bebés nos vehículos, animación cardio-vascular, pilates e ioga para embarazadas, masaxes para bebés, control do estrés no embarazo e post-parto, etc.) e aproveitar as sinerxías creadas desde a participación, sinaladamente das mulleres, para fomentar o asociacionismo.

-Están inactivos desde a anterior lexislatura.

Medida 8. Nos programas en torno á saúde materno-infantil, levar a cabo estratexias específicas para aumentar a participación de homes nas actividades onde esta aínda é moi minoritaria (aleitamento, masaxes de bebés, reanimación cardíaca pulmonar, como actuar ante pequenos accidentes ou emerxencias, control do estrés durante o embarazo e post-parto...).

-O **Programa de Saúde Materno Infantil** está inactivo desde a anterior lexislatura.



Medida 9. Coordinar conxuntamente co Hospital o banco de leite do Concello.

-Non se ten información.

Medida 10. Difundir o programa "Aleitar e traballar," de fomento da conciliación e da corresponsabilidade a favor dos horarios flexibles, aumentando o número de "Establecementos amigos do aleitamento".

-Non se ten información.

Medida 11. Realizar obradoiros de supervivencia doméstica, corresponsabilidade no fogar, tarefas de coidado de maiores e menores, autocoidado e cociña só para homes (nenos, mozos ou maiores) fomentando o cuestionamento das identidades de xénero, o desenvolvemento dunha nova masculinidade e a reapropiación de códigos de xénero.

-Non realizados.

3. REFLEXIÓNS FINAIS

Este ano tan especial, por mor do **confinamento** e da **pandemia**, como era de agardar, moitas das actividades xa programadas até o verán polas diferentes concellerías foron suspendidas ou adiadas para o propio verán ou para despois deste. A propia evolución da pandemia foi marcando as axendas públicas e, así, parte do traballo do persoal do Concello consistiu en suspender, adiar, re-programar, ou buscar novos formatos acordes coas medidas sanitarias relacionadas cos aforos, espazos ventilados ou ao ar libre, etc. Moitas das actividades xa programadas no marco do III Plan estaban concentradas, como ben sendo habitual, no **mes de marzo**, e só puideron facerse parcialmente por mor do confinamento.

ASPECTOS A MELLORAR

- Preocupa especialmente a **falta da incorporación da perspectiva de xénero do novo Centro de Intelixencia Artificial** dun xeito transversal e/ou específico. Isto é, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, no seu funcionamento, nos obxectivos, na programación de actividades, na publicidade e uso de imaxes e no rexistro non desagregado por sexo/xénero de persoas inscritas ou participantes. De non facelo, o que se conseguirá será aumentar a xa existente **fenda dixital de xénero** entre mulleres e homes de todas as idades (nenas e nenos, mozas e mozos, e persoas adultas), perder talento feminino, e facer aínda máis grande a falta de equidade entre mulleres e homes no ámbito da ciencia, da investigación, das tecnoloxías e do emprego.

Por outra banda, nos **novos fondos europeos “Next Generation”**, a implementación das novas tecnoloxías é uns dos obxectivos primordiais, co que se non se promove especificamente á igualdade de oportunidades **para ás mulleres** (de todas as idades) con diferentes medidas (inclusión dun xeito transversal da igualdade nos contidos, usos de imaxes de nenas e mulleres, inclusión de referentes femininas, contratación directa de mulleres mediante accións positivas, cursos exclusivos para nenas, mozas, mulleres, etc.). Deste xeito, a actual fenda dixital entre mulleres e homes farase aínda maior, pois serán os homes os maiores beneficiados directa e indirectamente de todas as medidas que se leven a cabo no ámbito dixital.

- Exceptuando a Concellaría de Igualdade, cómpre a recomendación xeral para todo o Concello de facer un gran esforzo no uso de **datos de inscrición/participación desagregados por sexo**. Cando se pregunta ou require por este dato (número de persoas participantes nun curso, formación, actividade, programa, etc.), polo xeral non se conta coa información desagregada ou só se trata a nivel global total. Por exemplo, como algo habitual, sabemos o número de mulleres e homes que se inscriben na Universidade Popular. Porén, ao non arrastrarse e recollerse este indicador dun xeito transversal, non sabemos cantas mulleres e homes hai finalmente inscritos en cada un dos cursos, ou quen os finaliza ou quen abandoa...

E o mesmo acontece con programas subcontratados (Fogar do Transeúnte, diversos concursos que promociona o Concello, actividades ou webinars do Centro do Intelixencia

Artificial, etc.): os datos só poden extrapolarse “informalmente” segundo as conversas co persoal técnico mediante a súa observación visual.

- Observamos que se modernizou o **formulario online de solicitude de inscrición** nas actividades da **Universidade Popular**, promovidas desde Educación. Con todo, aínda **segue sen rexistrarse a variable sexo en dito formulario**, o cal dificulta facer un cómputo rápido da participación en cada actividade en función do sexo. Polo que de novo remarcamos que é preciso seguir facendo esforzos na desagregación por sexo dos datos municipais e a súa sistematización; pois, unha vez incorporada a variable nos ficheiros e bases de datos, xa se asenta a boa práctica.
- A implicación coa equidade de xénero e coas medidas comprometidas no III Plan segue a ser **moi desigual segundo as diferentes concellerías** e áreas. En ocasións semella que a implicación, así como a formación continuada, está moi relacionada coa boa disposición e concienciación do persoal técnico de cada área. Non hai unha verdadeira estratexia de *mainstreaming* de xénero en cada concellaría, nin unha cooperación transversal entre áreas, nin directamente coa área de igualdade.
- Obsérvase unha escaso desenvolvemento das medidas comprometidas no plan desde Turismo, Participación Cidadá, Urbanismo, Emprego, Xuventude e Recursos Humanos. Por exemplo:
- **Turismo** debe visibilizar o papel das mulleres ao desenvolvemento da historia de Ourense e/ou Galiza.
- **Participación Cidadá** debe desagregar os datos que manexa e promover que haxa máis mulleres nas xuntas/presidencias das asociacións, así como promover a realización de actividades cun menor sesgo de xénero.
- En **Urbanismo** semella que, agora que se están a emprender varios proxectos urbanísticos e de humanización de barrios e medidas antibotellón, sería unha boa oportunidade para incluír nestes a perspectiva de xénero e contar coa participación directa da Concellaría de Igualdade e das asociacións de mulleres e feministas integradas no Consello Municipal da Igualdade, recomendación que facemos extensiva á Concellaría de Medio Ambiente..
- En **Emprego** non contamos con moita información das posibles medidas realizadas, pero sinaladamente, a causa da crise da pandemia, haberán de facer un esforzo especial por potenciar o emprego das mulleres.
- En **Xuventude** deben promover o lecer dixital e deportivo entre as mozas e implementar medidas de igualdade dun xeito transversal en todos os programas e actividades (espazos, concursos, actividades de lecer...) e rexistrar a participación dun xeito desagregado.
- En **Recursos Humanos** deben dar resposta as demandas de **dotación de persoal** na Concellaría de Igualdade, principalmente unha psicóloga e unha traballadora social, así como cubrir xa o posto da educadora social do CIMM. Tamén precisan revisar a linguaxe empregada.

- Observamos que os **Plans estratéxicos de subvencións** que se fixeron públicos na páxina municipal, concebidos como un exercicio que permita realizar unha auténtica planificación estratéxica das políticas de contido subvencional e simplificar así as actuacións subvencionables a desenvolver, **non conteñen nin transversal, nin especificamente, elementos de igualdade nin nos obxectivos nin nos indicadores** (a excepción da Concellería de Igualdade). E, como podemos comprobar á hora de elaborar este informe, dita ausencia reflectirase a súa vez nos propios plans de subvencións de cada concellería. Con todo, algunha outra concellaría, como a de Benestar Social, si recolle especificamente no seu propio Plan estratéxico de subvencións a igualdade de oportunidades entre os seus obxectivos.
- E así, e só a modo de exemplo da falta de inclusión da igualdade, recollemos aquí o **Plan estratéxico de subvencións da Concellería de xuventude para o período 2021 – 2023**, que vai dirixido tanto a mocidade como a entidades sen ánimo de lucro para o fomento de actividades e proxectos xuvenís, e para apoiar a realización de programas, proxectos ou actividades no ámbito da mocidade (dirixido de xeito prioritario a mocidade de 15 a 35 anos). Observamos que nin nos obxectivos, nin nas actividades, nin nos indicadores se inclúe **ningún aspecto** (nin específico nin transversal) relacionado coa promoción da igualdade, e mesmo non hai un manexo de datos desagregados por sexo.
- Na mesma liña está o **Plan Estratéxico de Subvencións da Concellería de Participación Cidadá**, período 2021-2023. Foi tamén outra ocasión perdida de incorporar criterios de igualdade e o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista. Se ben de novo debemos remitirnos ao propio plan xeral xa mencionado, Plans Estratéxico de Subvencións, que non contén ningunha alusión á igualdade, polo que resulta moi plausible que os que se fagan desde cada Concellería á súa vez repitan esta ausencia

BOAS PRÁCTICAS E RECOMENDACIÓNS

- Compróbase que hai medidas que xa forman parte de **programas permanentes** ou con vocación de continuidade (sobre todo, e loxicamente, desde a Concellaría de Igualdade), como observamos desde Benestar Social, Cultura, Educación e Medio Ambiente e Saúde, aínda que moitas actividades nesta última están inactivas desde hai anos.
- A Concellaría de **Medio Ambiente** vai asumindo a súa responsabilidade política e compromiso técnico a favor da equidade de xénero. Deste xeito, vemos a mellora ao longo dos anos de vixencia deste plan, que se ten materializado entre outras medidas en: inclusión específica de obxectivos e medidas de igualdade nas súas competencias, fomento da empregabilidade no sector de mulleres, actividades dirixidas directamente aos homes nos sectores nos que están infrarepresentados (reciclaxe, lecer en familia), emprego de linguaxe escrita non sexista, emprego dunha linguaxe visual que busca a ruptura dos estereotipos de xénero, visibilización das mulleres nos espazos públicos (nomes de parques/dotacións), etc.
- Desde o **Gabinete de Prensa** fan unha reflexión en común do papel do persoal das diferentes áreas municipais *“en relación ao importante papel que a administración pode desenvolver para crear unha sociedade máis xusta en termos de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Persoalmente, resultoume moi enriquecedora a **experiencia de coñecer a impresión de compañeiras** (coido que todas as participantes¹ eran mulleres) e telas en consideración. No caso do noso servizo, de Comunicación, gústame comprobar que a información escrita que nos remiten moitos departamentos municipais se utiliza unha linguaxe non sexista, ou que nas imaxes de carteis e campañas aparecen mulleres en roles tradicionalmente asignados a homes. Tamén me agrada ver que cada vez é máis habitual o uso de linguaxe non sexista nos medios de comunicación cando falan de asuntos municipais. Non é algo que se deba ao noso traballo, xa que non somos nós quen escribimos as noticias, mais desde o noso servizo poñemos o noso gran de área”*.
- De **Deportes** destacamos a equiparación dos premios/bolsas deportivas entre mulleres e homes e o coidado na incorporación de imaxes de mulleres na publicidade.
- Desde **Cultura** observamos que cada vez hai unha maior participación e visibilización de mulleres artistas en distintas disciplinas, e tamén programacións e actividades con contidos específicos de xénero. Con todo, dependen moito das compañías programadoras e culturais, das feiras culturais, etc., que son as que realmente realizan as obras que despois contrata ou non o Concello.
- Consideramos que **Educación** debería dar un paso adiante e apostar por propostas máis innovadoras en termos de xénero.

¹ Refírese as reunión de traballo de seguimento do III Plan, levadas a cabo en anos anteriores, nas que se invitou a participar a todas as concellerías.

- Por outra banda, no que concerne ao uso de **imaxes sexistas** por motivos de xénero, observamos que se erradicou ese mal uso observado en ocasións en exercicios previos. Destacamos aquí o bo labor do Gabinete de Prensa e de Deportes.
- No que fai referencia ao **uso dunha linguaxe escrita** non sexista e inclusiva, hai avances nos últimos anos, pero aínda son insuficientes ou incompletos. Así, nun mesmo documento, formulario, etc. atopamos usos correctos e incorrectos. Observamos positivamente que, cando se fai un bo uso da linguaxe, este xeneralízase a todos os formatos: documentación escrita, carteis, publicidade, web municipal, divulgación nas redes sociais, etc., como ocorre na Concellaría de Igualdade ou no labor diario dalgúns e dalgunhas empregadas municipais.
- Pola contra, observamos que nos actos institucionais do 8 de marzo e do 25 de novembro participan máis concellerías, súmandose física e/ou institucionalmente aos actos, convocatorias e concentracións de repulsa cando acontece unha nova morte por violencia de xénero. Pódese concluír que o apoio, cando menos público, á igualdade, así como o rexeitamento da violencia de xénero, comeza xa a ser asumido polas diversas concellerías. Isto pasou de ser visto coma un problema da área de muller ou dos servizos sociais a ser percibido como un problema xeral que require a implicación de toda a sociedade. Agora ben, é obvio que **só co apoio institucional non chega**, e o apoio de facto debe ir máis aló.

